

5 Entrevista ■ Fátima Sánchez, a ferrolá que uniuse a Open Arms para salvar vidas no Mediterráneo

09 Pontedeume ■ Tarefas de iluminación dos pasos de peóns para mellorar a seguridade

17 Obras ■ Concello de Cedeira e Xunta perfilan as liñas para a ampliación do centro de saúde

enfiques.gal

Medio Ambiente



As comarcas prepáranse para facer fronte ás velutinas

A Asociación Galega de Apicultura instou aos veciños a instalar trampas para capturar ás raíñas antes de que formen os nidos no verán.

Páxs. 2 e 3

Industria

Proxecto para construír unha planta de hidróxeno verde nas Pontes

O proxecto de construción dunha planta de hidróxeno verde que impulsaría a Xunta no Concello das Pontes, no marco do Polo para a Transformación de Galicia, requiriría dun investimento de 144 millóns de euros.

É unha das apostas do Goberno galego no marco da transición enerxética, vinculada á obtención dos fondos europeos para a recuperación económica que arbitrou a UE.

Páx. 6

Economía

A Deputación inxecta 2,4 millóns de euros para proxectos sociais

Páx. 14

Municipal

Neda aproba un orzamento “eminente social” de 4,8 millóns

Páx. 18

Covid-19



Cabanas remata a recuperación da arquitectura tradicional en Soaserra

Páx. 13

CONCELLOS

O IES Fraga do Eume será un centro integrado de FP

Oportunidade ■ O alcalde de Pontedeume, Bernardo Fernández, destacou a importancia da reconversión pola mellora na oferta académica e polo impacto sobre a economía local, ao aumentar o alumnado do centro.



Asistentes ao acto no que se anunciou a reconversión do centro.

75.000 euros para fomentar o emprendemento na Capela

Iniciativa ■ O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e o alcalde da Capela, Manuel Meizoso, asinaron un convenio para fomentar o emprendemento no concello e impulsar a inserción laboral.



EN FOCO



A Asociación Galega de Apicultura fixo un chamamento para empezar a combater a avespa asiática neste tempada. Trátase de lograr unha detección precoz de niños xa que a fase máis importante é a preventiva, que teñen dúas vectorres: o trameo na primavera para capturar raíñas fundadoras e evitar que á súa ao redor xérase un niño primario e a retirada de niños incipientes que se realiza entre marzo e maio.

É fundamental para evitar a expansión e, apuntan o presidente da delegación de Ferrol, Rafael Díaz, que “é máis importante atrapar agora raíñas de velutina, ben sexa nos niños primarios ou mediante trameo, que matar as obreiras no verán debido a que por cada raíña que se elimina, evítase unha colonia de miles de exemplares”.

Este ano a fase de trameo para captura de raíñas fundadoras comezou coa instalación por parte de AGA dunhas 25 trampas en asentamentos da comarca de Ferrol-Doniños, Cobas, Pedroso, San Sadurniño, entre outros- e máis dun centenar na zona do Ortegal. As operacións de trameo fóronse incrementando ao longo dos últimos anos, tanto o nú-

Comeza a guerra contra a avespa velutina en Ferrol, Eume e Ortegal

A ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA FAI UN CHAMAMENTO AOS CONCELLOS E OS VECIÑOS PARA QUE COLOQUEN TRAMPAS NAS SÚAS LEIRAS E EVITAR ASÍ A PROLIFERACIÓN DE NIÑOS NO VERÁN CON MILES DE EXEMPLARES

mero de trampas, como en número de capturas.

Actuar agora e non no verán

Desde a Asociación Galega de Apicultura solicitaron aos concellos e á Mancomunidade que insten os veciños a instalar trampas rudimentarias nas súas leiras se queren evitar a formación de niños. “Pódese reducir ata un 75% a creación destas colmeas se se atalla a tempo a captura das raíñas. Se un veciño instala unha ou dúas trampas na súa leira pode ter garantido que non haberá niños nuns 150 metros á redonda”, explica Rafael Díaz.

“Non se trata de saturar todo de trampas”, insiste en responsable da asociación no Ortegal,

Manuel Rodríguez, quen asegura que cun investimento “de 4 ou 5 euros” unha leira pode quedar cuberta todo o ano. Pero lembra: “o momento é agora, non en agosto”.

■ **Pódese reducir ata un 75% a creación** destas colmeas se se atalla a tempo instalando unha ou dúas trampas na finca

A avespa asiática ten un ciclo de vida anual. As raíñas fecundadas saen do seu letargo entre febreiro e marzo. Unha vez que espertan, fan un niño primario temporal onde poñen os seus ovos para formar unha pequena colonia

de 20 ou 30 obreiras que, sobre o mes de maio, construírán un niño secundario. Este crece ata albergar máis de 2.000 avespas e a finais de verán, empézanse a diferenciar as femias e os machos. As femias, unha vez fecundadas, abandonan o niño para hibernar e en febreiro do seguinte ano, comezan un novo ciclo. O niño baleiro queda inactivo e vaise deteriorando de forma natural.

Varios Concellos das comarcas ditaron durante o mes de marzo un bando polo que se solicita á cidadanía que se some á campaña de trameo para a detección e control da avespa velutina impulsada pola Asociación Galega de

FERROL-EUME-ORTEGAL

ABRIL 2021

Cómo elaborar e onde colocar as trampas caseiras?

Como facer estas trampas caseiras? Desde a Asociación Galega de Apicultura recoméndan construír e colocar trampas o máis selectivas posible para evitar que entren nelas outros insectos polinizadores fundamentais para a reprodución de plantas e cultivos.

Para iso, aconsellan que na parte superior da botella realícen se dous buracos enfrontados cun diámetro de entre 8 e 9 milímetros. Iso axuda moito porque hai moitos insectos como abellóns, bolboretas ou polillas que non poderán entrar.

Xusto debaixo das entradas, fariase a mesma operación cos buracos de saída, tamén enfrontados, que deberían ter un diámetro de entre 4 e 5 milímetros e para os que se pode

UN GRAN NÚMERO DE RAÍÑAS INVERNARON PRETO DOS NIÑOS DE VELUTINA ELIMINADOS O ANO ANTERIOR, POR ISO RECOMÉNDASE POÑER AS TRAMPAS NUN RADIO DE 150 METROS DESA ZONA

utilizar unha broca tamén para madeira que podemos adquirir en calquera ferraxería, ou un cravo dun tamaño aproximado. As medidas idóneas serían 8 ó 9 milímetros para as entradas e entre 4 e 5 milímetros para as saídas.

Nos buracos de entrada, como se mostra na fotografía,

aconséllase colocar unha campanilla e, no interior da botella, unha cortiza ou algún outro elemento que flote no líquido atrayente.

Preténdese que o que non sexa avespá asiática non morra na trampa e poida escapar. Dentro da botella métese un atrayente tamén de fabricación caseira: para recibir 2 ó 3 trampas hai que mesturar 5 gramos de fermento e 200 gramos de azucre disoltos en 0,5 litros de auga morna.

As trampas deben colocarse ao redor dos niños velutinos do ano anterior non eliminados antes de setembro. Un gran número de raíñas invernaron e buscaron alimentos nestas zonas. Nestes casos as trampas colocáranse nun radio de 100 a 150 metros dos mesmos. Se deixan de caer exemplares de Velutina hai que resituar as tramas uns 150 metros para que volvan capturar.

As raíñas aliméntanse de glúcidos de plantas de especies asiáticas e froiteiras en flor: a aralia (ou árbore de Angélica); a camelia de flor simple vermella e con estambres, árbore de cepillo, o níspero xaponés, hiedra, o plátano, e froiteiros en flor (ciruelos, maceiras...). En árbores que poidan ter pole ou pulgón, por exemplo o salgueiro.

A loita contra esta especie

invasora está a mobilizar cada ano aos corpos de bombeiros, GES e Protección Civil dos diferentes municipios. No pasado ano, o SPEIS de Narón desenvolveu un total de 301 actuacións relacionadas coa vespa velutina. Os profesionais do SPEIS levaron a cabo 165 inspeccións nesta área no ano 2020 e ademais rexistráronse 91 intervencións para extraer niños de velutinas con neutralización, e 28 cremacións de niños in situ, entre outros servizos.

No caso de Ferrol, os bombeiros fixeron preto de 150 actuacións sobre estes niños de velutinas. Ademais, o pasado ano o Concello ferrolán realizou varios voos cun novo dron dotado dunha cámara térmica ao longo de varios puntos concretos da cidade susceptibles de acoller niños de vespa velutina.


O dron conta cunha cámara con capacidade de visión térmica, o que fai posible detectar focos de calor aínda que non se poidan observar directamente. Desde a concellería de Seguridade indican que os niños de vespa velutina rondan os 35 grados de temperatura, polo que detectar esa diferenza respecto a outros elementos do entorno arroxa información moi valiosa de cara á localización dos niños.

Apicultura (AGA), con delegación en Ferrol.

Os documentos lembran que a avespá velutina “é unha especie invasora e perigosa que ameaza á apicultura, a polinización, a produción agrícola e o medio ambiente en xeral, e que tamén ten un risco importante para as persoas”. Indica que as velutinas comezan a saír na primavera do seu letargo invernal, polo que é importante un “trameo a gran escala” que reduza nunha porcentaxe moi elevada a formación de niños.

■ **Varios concellos das comarcas publicaron bandos** animando aos veciños a combatir esta especie invasora

Carecen de inimigos naturais e xeran centenas de nais por niño a diferenza das avespas autóctonas, que apenas chegan á decena. O bando recomenda que a captura de raíñas debe efectuarse entre marzo e finais de maio, coincidindo coa fase de construción e actividade do niño primario, ou ben de setembro a decembro, desde o nacemento de novas raíñas á súa hibernación.



Segundo o documento publicado pola Asociación Galega de Apicultura as trampas sempre se deben situar en lugares asollados, porque o aroma se difumina mellor cando o trayente quéntase.

Colaboración

Cando o saber ocupa lugar

No campus da Universidade da Coruña en Ferrol, hai unhas semanas, fomos á presentación dun libro de José Pardo, fotógrafo e amigo. É unha reportaxe sobre o proxecto arqueolóxico que o profesor da Facultade de Humanidades Juan Luis Montero Fennellós dirixe dende hai anos en Palestina, preto de Nablús, nun asentamento chamado Tell el-Fara.

A miña axenda cultural nunca estivo saturada, pero aínda así botaba de menos, despois de tantos meses de case incomunicación, volver a algún tipo de xuntanza deste tipo. Foi un gusto acudir a unha sala a que lle falaran a un, como falaron, de viaxes, doutras costumes, de ciencia, de historia e, por riba de todo, de cultura. Porque eu recibín aquilo, sobre todo, como unha celebración da cultura.

José deu a visión da súa experiencia, moi humana. A súa reportaxe é moi próxima, moi centrada nas persoas que alí traballaron. A el, adicado dende hai décadas ao periodismo, o que o atrae son, sobre todo, ás historias. Busca algo que contar e, alí, atopouno. Era fácil: españois, portugueses e palestinos traballando xuntos na procura das nosas pegadas para, dese xeito, coñecer un pouco de nós e achegarse un paso máis ao que somos todos.

E Juan Luís, un murciano afincado en Ferrol, fixo o que lle tocaba facer: unha exposición clara, concisa e sentida do papel do coñecemento, e unha reivindicación da súa importancia. Debullou, nuns minutos, o que nos dá, o que lle debemos, as portas que abre e as pontes que tende. Contou como a cultura era capaz de botar luz sobre unha terra castigada e que sofre. E explicou como mesmo para xente con carencias básicas nas súas vidas, persoas con problemas incomparablemente máis graves cos nosos, tamén a cultura, lonxe de ser un luxo superfluo, é necesaria: para entenderse a si mesmos e aos outros; para loitar contra os prexuízos e, polo tanto, curar os radicalismos

que os asolan; e para darlles ás persoas, no medio do pozo de medo e humillación, algo no que crer, unha ilusión, algo que lles devolva a dignidade de sentirse mulleres e homes completos. E explicou que a cultura nos salva e é un dos freos da decadencia. A súa intervención foi emocionante.

E foi triste. Daba pena pensar que esa defensa da ciencia e do pensamento fora necesaria nunha universidade. E, con todo, érao. Non moito antes, naquel mesmo salón de actos, o presidente da Xunta dera unha consigna case oposta: nin unha carreira que non responda ás demandas do mercado laboral.

Cando xa ninguén saiba de bioloxía, porque non ten saídas, non haberá quen analice o pole fosilizado e poida sacar conclusións da flora e do clima de hai milenios. Total, quen come diso. Cando non haxa filólogos e o mundo enteiro chapurree un remedo do inglés e unha variante simplificada do que fora a súa lingua, ninguén poderá descifrar inscricións antigas. Total, que íamos aprender delas. Cando non haxa ceramistas, porque xa temos IKEA, os restos de louza non nos dirán nada. Comerían calquera cousa, tanto ten. Claro que tampouco haberá arqueólogos. Total, do que se trata é de mirar ao futuro. E miraremos ao futuro, sen filósofos, sen historiadores, sen artistas e sen intelectuais que fagan as preguntas pertinentes. E marcharemos, da man da técnica máis eficiente, dereitiños polo rego. Cara a onde, xa se verá.

Vivimos un momento no que hai que xustificar as ciencias e a cultura no seu máis amplo sentido. No que a pregunta á que nos enfrontamos é se neste sistema aínda ten sitio todo o saber, ou moito deixou de valer a pena. E isto xa é o principio da derrota. Porque o que teríamos que facer é coidar ese coñecemento e usalo para cuestionarmos o sistema ese, e, se non nos gusta, cambialo.

PORTOROSA

Colaboración

A violencia é un grolo de lixivia

Moitos medios de comunicación están a debater nas últimas semanas sobre a violencia de xénero ao fio dun caso dunha famosa do panorama rosa.

Pois ben, como persoa con formación neste ámbito quedome ás veces abraida do arbitrarias e atrevidas que son algunhas opinións. É por isto que intentarei aportar algo de luz para quen queira ler non unha opinión, senón unha realidade.

A violencia de xénero non entende de clase social, de etnia e nin sequera de carácter. Por iso hai mulleres maltratadas ás que lle sobran billetes de 500 euros, mulleres brancas, negras ou asiáticas, ou mulleres que aparentemente son de forte personalidade.

Ás persoas que culpabilizan ás propias mulleres de soportar tales circunstancias, direilles que estas mulleres sofren moito antes que o maltrato físico un maltrato psicolóxico moi potente, no que a súa autoestima está basicamente no subsolo, que en numerosas ocasións encóntranse illadas e que moi a miúdo sofren a síndrome de indefensión aprendida, na que aprenden a sentirse indefensas, e na que non son capaces de tomar decisións por elas mesmas.

Neste tipo de violencia ocorre algo paroxístico pero que é moi necesario comprender, e é que nestas relacións existe un enganche, que o home maltratador se encarga moi coidadosamente de manter vivo. O propio ciclo da

violencia de xénero fai que sexa así, tras unha fase de acumulación da tensión ocorre un episodio explosivo, mais detrás deste ven a fase de lúa de mel, na que hai desculpas e escusas, e tamén mimos, regalos, choros e frases de “non vai volver ocorrer”. E como esta violencia é tan sutil, dáse tan pouco a pouco, cando chega a violencia de máis intensidade as mulleres toman como verdade as palabras de arrepentimento. E así o ciclo repítese unha e outra vez.

Ti que estás a ler este artigo, de seguro non beberías unha botella de lixivia dunha sentada, porque daríaste conta de que é tóxica, e que por elo, podería facerche dano. Pero que sucedería se todos os días sen darte conta beberas un grolo de lixivia? Pois que apenas advertirías a súa toxicidade; sen embargo, un día percibirías que estás intoxicada.

E ese día, ese día de plena consciencia, agardo que todas as mulleres poidades contar co apoio das e dos que tedes preto, porque ao mellor soas non podeades, pero coa axuda das demais persoas sáese dese buraco.

Como sociedade temos a responsabilidade de dar a man, de non vulgar e de escoitar coas orellas ben abertas. Hoxe é unha famosa, pero mañá pode ser a túa neta, a túa filla, a túa nai ou ti mesma.

O apoio social pode salvar vidas, tamén en tempos de pandemia.

MARTA PIÑEIRO

Nicanor Tischler Reflexións dun viaxante

“Fuga mundi”

Fuxir non está ben visto. Fuxir, segundo os modelos puerís-testosterónicos (digámolo así) imperantes na chamada cultura popular, é de covardes, de seres apoucados, pusilánimes, incapaces de facer fronte con decisión tanto ás simples dificultades cotiás como ás ameazas imprevistas que se presentan como retos do destino.

Quen fuxe non ten o que hai que ter. Esa é a simpleza tribal, o recurso cru dun código de honra carente de matices. E o certo é que matices hai, moitos, como moitos son tamen os tipos de fuxidas, e deberá ser o contexto (as circunstancias, os condicionantes) o que aporte as ferramentas éticas precisas pa-

ra rexeitalos ou aprobalos. Ou mesmo para aplaudilos. Ás veces fuxir é de valentes. Hai fuxidas que rompen un compromiso libremente acordado, fuxidas que supoñen un abandono. Un sae polo pan e non regresa, deixando no salón de estar da súa casa, sentados fronte ao televisor, á parella e aos fillos, progresivamente preocupados pola incomprendible tardanza.

Outro non acode a unha cita concertada ou desaparece antes da hora porque non pode soportar a apertura de novas posibilidades de vida; fuxe para seguir pechado. Hai de todo, son tantas as variantes! Unhas implican quebras de confianza, incluso traizóns, pero outras,

xa dixeran, son exemplos claros de valentía e apreo da dignidade propia.

É un deber do retido, do secuestrado, do privado de liberdade pola arbitrariedade de outros, intentar a fuxida con todas as súas forzas e mañas. É obriga do perseguido non deixarse coller. Fuxidas necesarias, sen reparos morais: saír dun país intolerante que prohibe a nosa condición, deixar atrás a barbarie dos comportamentos intimidatorios, buscar novos espazos para poder ser quen un quere. A fuxida como liberación. A fuxida como ruptura. Ese é o tipo ao que nos referimos aquí: á fuxida do mundo, “fuga mundi”, á fantasía perenne de saír na procura

dun lugar propio e seguro, non contaminado polos efluvios da servidume social, polo balbordo cacofónico das multitudes en acción.

Di o sociólogo francés Rémy Oudghiri, autor dun delicioso libríño titulado en español “Pequeño elogio de la fuga del mundo”, que nunha primeira ollada os soños de fuxida semellan responder ao imaxinario dunha época dominada polo principio do pracer e pola predominancia da vida privada sobre o compromiso público, pero, advirte, non nos enganemos: ese proxecto tamén é un xeito de compromiso.

Quen fuxe así, quen se afasta das mundanaís esixencias, comprométese cunha acción

que troca a orde das cousas, comezando pola propia vida. “Nada hai máis activo que a fuxida”, escribiu Giles Deleuze. Quen fuxe así, seguimos a Oudghiri, non pretende abandonar o mundo (o mundo exposto á enramada tecnolóxica, aos cantos de serea do “viral”, a esa “vox populi” artificiosamente mantida polas redes sociais...) e logo descansar. Non, a súa partida ten un reverso construtivo: fuxe para encontrar, abandona para crear, sae para entrar: para entrar nunha realidade onde sexa posible ter o tempo suficiente para coñecerse e coñecer. Sen ditados nin interferencias. Tempo para ser.

Non, a quen fuxe así non se lle pode chamar covarde.

Entrevista

RECIBIR UNHA CHAMADA PARA EMBARCARTE DENTRO DE TRES DÍAS NUN VELEIRO NO MEDITERRÁNEO CENTRAL RESCATANDO MIGRANTES. ISO FOI O QUE LLE OCORREU Á SOCORRISTA FERROLANA, FÁTIMA SÁNCHEZ, DE 26 ANOS, QUEN ACABA DE REGRESAR DA SÚA COLABORACIÓN NO VELEIRO ASTRAL, DA ONG OPEN ARMS. ESTA ORGANIZACIÓN LEVA ANOS RESCATANDO A PERSOAS QUE ATRAVESAN O MEDITERRÁNEO EN PRECARIAS EMBARCACIÓNS, CUXO SONO DE CHEGAR A EUROPA CONVÍRTESE NUNHA AUTÉNTICA ODISEA.

Cambiar as praias das comarcas por salvar vidas no Mediterráneo Central

Fátima Sánchez decidiu cambiar hai uns meses o seu apoio na distancia á ONG Open Arms pola acción na propia organización. Así, esta socorrista ferrolana enrolouse nunha das misións de rescate da ONG no Mediterráneo Central, da que regresou hai unhas semanas, e xa planea a súa seguinte experiencia.

Como decide unha socorrista ferrolana cambiar as praias das comarcas por unha travesía no Mediterráneo?

Open Arms era un grupo de socorristas de Barcelona que fora moi coñecido cando estiveron en Lesbos no Mar Exeo. Como comezou a facer eco, chamoume a atención pero aínda non era tan mediático. Seguíaos nas redes sociais e cada vez atraíame máis, ata que fai dous meses decidín botar o currículo e chamáronme tres días antes.

Como te preparas para unha aventura así en tres días?

Foi todo moi rápido, estiven uns días en Barcelona antes de saír pero foi para o que máis rápido me preparei na miña vida. Eses tres días dáballes todo o tempo voltas na cabeza a que me ía atopar alí.

Quen te acompañaba?

Eu ía no veleiro Astral, cun capitán grego, un patrón, que era o fundador de Open Arms Óscar Camps, dous mariñeiros, un xornalista, un fotógrafo, unha cociñeira, un debuxante e dous socorristas.

Cal era o teu papel no Astral?

Eu era socorrista e toda a tripulación faciamos gardas de 24 horas, turnabamos e os socorristas sempre tiñamos que estar en alerta, aínda que non fose a nosa garda. Da igual se é pola mañá ou pola noite. De todos modos, aínda que en teoría levas ese papel, en realidade axudamos todos con todo.

Un momento difícil?

Era moi frustrante cando recibimos coordenadas, ben polo que se escoita na emisora, outras ONG's, correos electrónicos... E igual indicábanas unhas coordenadas a 5 horas, entón, cando estás chegando, estás



Fátima Sánchez a bordo do Astral.

CEDIDA

preparada con neopreno, casco e todo listo para saír a auga, de súpeto, escoitas que chegaron os gardacostas libios antes. Nese momento facíase o silencio en todo o barco.

E un instante de positividade?

Cando sabemos que xa estabamos preto dunha embarcación, os socorristas e o patrón saímos antes coas zodiak e vemos de lonxe á patera. Un día rescatamos unha patera con 45 persoas e cando nos vían, erguían-

se no seu propio barco, levantaban os brazos, aplaudían... Esas caras de felicidade tan pronto nos achegabamos.

Que transmiten os migrantes neses momentos?

Para eles nese momento somos a súa salvación, eles pensan que Europa é a cidade soñada e nada máis vernos din acabouse o noso pesadolo e son moi agraecidos. Valoran todo, darlles unha manta térmica, auga, algo de comer... Cando os trans-

ferimos aos gardacostas italianos lanzábanos bicos, dábanos as grazas. Esas miradas é imposible describilas, non se esquecen.

Como é o ambiente de traballo ao bordo do Astral?

Realmente da tripulación poucos se coñecían, cada un dunha punta de España diferente. Pero dende o minuto 1 hai un compañerismo brutal, por exemplo, os primeiros días é bastante normal marearse, e cando un compañeiro se mareaba, o resto sempre estaba pendiente do que necesitaba. Non te deixan caer nin un segundo.

Canto durou a túa travesía?

Estivemos 15 días e ao final fixen tan boas migas coa organización que me quedei uns días máis axudando un pouco en todo para poñer o barco de novo a punto e recoller o que traíamos desta navegación.

En que zonas estabas?

Estabamos entre o Mar de Malta e íamos movéndonos, pasamos Lampedusa, a canle de

Sicilia. Turnábamonos as zonas co outro barco de Open Arms.

Que lle dirías a alguén que dubida en colaborar?

Eu animo a todo o mundo a que intente colaborar, se tes unha profesión que encaixa dentro do barco eu non o pensaría, é algo que tes que vivir unha vez na vida. Se non podes encaixar no barco, hai moitas alternativas: doando, axudando noutro tipo de actividades, por exemplo hai un equipo COVID que realiza PCR's a anciáns. A parte do Mediterráneo é moi visible, pero hai moito máis. Cantas máis manos mellor.

Falta información en España sobre o tema?

Non está suficientemente visibilizado. Comezando xa por min, eu non sabía moito sobre o que pasaba aí hai uns anos, entereime pouco a pouco e tiven que informarme. Fáltanos a todos moita información.

Por que sumarse a esta aventura?

Hai dúas razóns. En primer lugar, axudas e ves o que está pasando no Mediterráneo Central. E en segundo lugar, volves valorando moito máis as cousas que tes na casa.

Cal é o balance da experiencia agora analizada xa dende Galicia?


Valorar moito máis todo, simplemente pola situación na que eles chegan. Encontramos pateras que levaban tres días á deriva sen auga nin comida. Ademais, embarcarse implica dosificar as duchas, convivir con máis xente, así que aprendes a adaptarte a todo tipo de situacións. Saes da túa zona de confort e ves que ao final son cousas que non che fan falta para nada.

Como definirías Open Arms?

É unha familia, cóidanse moito entre todos, cóidanche a ti outro tanto e están dispoñibles para calquera cousa que necesites.

E o mellor no Open Arms?

A calidade humana que hai dentro.



A socorrista nunha das misións.

CEDIDA

Fondos europeos

Proxecto para facer nas Pontes unha planta de hidróxeno verde

ESTA INICIATIVA DA XUNTA DE GALICIA REQUIRIRÍA DUN INVESTIMENTO APROXIMADO DE 144 MILLÓNS DE EUROS. “O NOSO CONCELLO REAFIRMA O SEU PAPEL COMO POLO ENERXÉTICO DE GALICIA”, AFIRMA GONZÁLEZ FORMOSO

O proxecto de construción dunha planta de hidróxeno verde que impulsaría a Xunta no Concello das Pontes, no marco do Polo para a transformación de Galicia, requiriría dun investimento estimado de 144 millóns de euros.

É unha das apostas do Goberno galego no marco da transición enerxética, vinculada á obtención dos fondos europeos para a recuperación económica que arbitrou a Unión Europea (UE) para facer fronte aos efectos da pandemia sanitaria e económica do coronavirus, e que prevé materializar na antiga vila mineira, que se verá espe-

cialmente afectada polo planeado peche da central de carbón de Endesa.

O departamento que dirixe Francisco Conde conta con Reganosa no desenvolvemento deste proxecto enerxético. Como todos os que se están expondo de creación de plantas de hidróxeno verde, levan outros proxectos asociados, de produción de enerxía a través de fontes renovables.

Emprego

En conxunto, o previsto para As Pontes podería xerar ao redor de 300 postos directos, e outros 150 indirectos, aínda que debi-

do a que se trata dunha tecnoloxía tan incipiente, trátase aínda de estimacións iniciais que poden experimentar variacións.

A planta ideada pola Xunta terá 50 megawatts de capacidade, aínda que ampliable ata os 100. É un dos catro proxectos tractores que manexa a Consellería de Economía para ese Polo para a transformación de Galicia, xunto cunha fábrica de fibras téxtiles a partir de recursos forestais, un centro de economía circular e instalacións solares e eólicas que en conxunto suman mil megawatts de potencia.

Outros proxectos

■ **O Consellería** de Economía presentou a planta de hidróxeno verde a tres manifestacións de interese abertas polo Goberno central co fin de avaliar os posibles proxectos que amparará cos fondos para a recuperación: a unha específica de hidróxeno verde, a outra de industria e a unha terceira relativa ás enerxías renovables. Segundo fontes do departamento que dirixe Francisco Conde, todos os proxectos serán impulsados por unha sociedade público-privada, que ademais de contar co Executivo autonómico -40 % do capital-, tamén terá participación de entidades financeiras (noutro 40 %) e de sociedades transversais, é dicir, firmas público-privadas. Entre os labores desta sociedade estará a procura de socios industriais, unha vez que os proxectos entrasen nunha fase de maior maduración. Tanto a planta de hidróxeno como os futuros parques eólicos estarán chamados a abastecer de enerxía ao resto das instalacións dos outros proxectos tractores e ás cadeas loxísticas asociadas.



Concello das Pontes.

Estratexia para unha transición xusta na antiga vila mineira

O obxectivo da administración galega é que o hidróxeno verde non só teña como destino grandes industrias, senón tamén que chegue ás pemes. A planta de hidróxeno verde da Xunta é a segunda anunciada para As Pontes, xa que Endesa proxecta crear no municipio un complexo de 100 megawatts, no que prevé investir 127,2 millóns de euros. A antiga vila mineira eríxese como polo de atracción nacional desta tecnoloxía.

O alcalde das Pontes, o socialista Valentín González Formoso, subliñou a singularidade do municipio e o potencial enerxético que continúa mostrando, ao captar o interese para asentar dous proxectos de creación de plantas de hidróxeno verde.

Explica que os recursos naturais da localidade -fundamentalmente a dispoñibilidade de auga e de vento- son esenciais para erixirse como o futu-

ro maior centro de produción deste combustible do país.

Ademais de agradecer tanto ao Ministerio de Transición Ecolóxica como á Xunta que aposten polas Pontes no marco da súa estratexia para a transición xusta, González Formoso subliña que a localidade continúa reafirmando o seu papel como polo enerxético de Galicia, xa que nun futuro dispoñerá de centrais de gas, de hidróxeno, hidráulicas e eólicas.



Enerxías verdes.



As Pontes de
García Rodríguez

Respecta as normas



COIDA DE TI, COIDA DE TOD@S

Infraestruturas



Tania Pardo, concelleira de Igualdade de As Pontes.

As Pontes impulsa a igualdade nas tarefas do fogar

O GOBERNO LOCAL ANIMA A COLOCAR CARTEIS NAS FIESTRAS E COMPARTILOS EN REDES SOCIAIS PARA PARTICIPAR NUN SORTEO DE VALES DE 50 EUROS PARA GASTAR NO COMERCIO LOCAL

O Concello das Pontes, ao abeiro da campaña “Unha EXPERIENCIA DE COIDADADO, CORRESPÓNDENDE escoller a túa”, posta en marcha con motivo do 8M, lanza un concurso dirixido a toda a veciñanza baixo o nome #EnAsPontes-CompartimosCoidados. A iniciativa pretende sensibilizar e dinamizar á poboación en materia de igualdade e visibilizar e poñer en valor o traballo de coidados.

Con esta actividade, o goberno local pretende eliminar roles e estereotipos de xénero tradi-

cionais que atribúen a mulleres e homes tarefas e funcións diferentes no ámbito familiar.

Poderán participar neste concurso todas as persoas maiores de idade, que terán que colocar nun lugar visible das fiestras do seu domicilio un cartel impreso ou feito á man que conteña o eslogan: #EnAsPontesCompartimosCoidados.

Ademais deberán realizar unha publicación na súa conta persoal de Facebook ou Instagram con dúas fotografías: unha na que se vexa o cartel e outra na que dea conta de que

practica a corresponsabilidade e comparte os coidados no seu fogar, coa etiqueta @ConcelloAsPontes e incluíndo o cancelo #EnAsPontesCompartimosCoidados. Para participar, é preciso enviar as fotografías por whatsapp ao número 604 025 160 indicando o nome completo e teléfono de contacto.

As persoas que participen entrarán nun sorteo de 8 vales valorados en 50 euros cada un para gastar no comercio local.

O prazo para participar estará aberto entre o 30 de marzo e

o 25 de maio, realizándose o sorteo de 2 vales cada 15 días. Estes serán nominativos, de xeito que cada persoa poderá obter un único premio. O resultado dos sorteos publicaranse nas redes sociais e na web do Concello e as persoas gañadoras serán contactadas telefonicamente tras cada sorteo para proceder á recollida do vale.

As bases completas deste concurso pódense consultar na páxina web do Concello e nos distintos establecementos comerciais que colaboran coa iniciativa.

COVID-19

Control de aforo no mercado municipal

■ O goberno local de As Pontes acaba de instalar un control de aforo dixital no mercado municipal para aumentar as garantías de seguridade tanto para a clientela como para os praceiros. A través deste dispositivo búscase favorecer o correcto funcionamento do mercado e evitar, no contexto actual, que se poida converter nun punto de transmisión do virus. Este servizo de control de aforo dixitalizado conta cun sensor que detecta ás persoas que entran no mercado, contabilizando o número que entra e restando o número de persoas usuarias que abandonan a praza. A clientela que accede dispón de información do aforo en tempo real mediante unha pantalla no acceso. O uso das novas tecnoloxías demostra que “son unha das ferramentas máis eficaces para comprar de forma segura”, indica Elena López, concelleira de comercio.

Infraestruturas

Comezan as obras na avenida da Constitución

Na primeira semana de abril, o Concello das Pontes iniciou as obras de rehabilitación da Avenida da Constitución. Os traballos financiados con fondos propios, cun orzamento de 47.826 euros, están orientados á mellora a seguridade peonil por medio da substitución do actual pavimento, executado con lousa sobre morteiro, que debido á climatoloxía e á an-

tigüidade, resulta moi esvaradío.

Entre os traballos previstos contéplase a demolición e retirada do firme actual, poñer a cota ós pozos e ás arquetas e executar un novo pavimento continuo de formigón coloreado.

O Concello pediu desculpas á veciñanza polas molestias que os traballos poidan ocasionar



Pancho Franco, concelleiro de Obras Municipais de As Pontes.

nunha zona de paseo moi concurrida. Ademais, lembran que durante as obras, a rúa permanecerá pechada aos peóns, inicialmente no tramo comprendido entre o cruce da Avenida da Constitución coa Rúa Antonio Machado ata o Pump Track, desviándose este tramo peonil pola senda que transcorre paralela ao río Brixeo e, opcionalmente, pola rúa José María Penabad López.

Unha vez rematado o cambio de pavimento neste tramo procederase ao peche do tramo de viario comprendido entre o Pump Track e a rúa que leva ao Cemiterio dos Alimpadoiros.

Infraestruturas



Imaxes do renovado parque infantil e do lavadoiro.

Remata a mellora do lavadoiro da Graña e o parque de Lombardero

O CONCELLO DE PONTEDEUME XA TEN LISTAS AS DÚAS ACTUACIÓNS PARA IMPULSAR O LECER DOS NENOS E O COIDADADO DO PATRIMONIO

O Concello de Pontedeume informa á veciñanza do remate das obras de rehabilitación e mellora do lavadoiro da Graña, iniciadas semanas atrás.

“Os traballos consistiron na demolición e reconstrución da actual cuberta de formigón, a renovación do pavimento e o empedrado do canal”, explica Daniel Ríos, concelleiro de

Obras de Pontedeume. Esta actuación enmárcase dentro do plan de mellora e recuperación de fontes e lavadoiros.

“Son elementos que forman parte do noso patrimonio e temos que coidar, por iso a intención do noso goberno é acometer de forma continua este tipo de actuacións”, engade o alcalde, Bernardo Fernández.

A día de hoxe, estanse a redactar proxectos de similares características para o lavadoiro de Alcuín, a fonte de Filgueiras, a fonte de Ventosa, o acceso ao lavadoiro de Cermuzo e o lavadoiro de Valdeañatos.

Por outra parte, o concello informou á veciñanza do remate das actuacións de renovación da zona de xogos dos Xar-

díns de Lombardero. “O orzamento da obra ascendeu a 47.000 euros”, asegura o concelleiro de Obras, Daniel Ríos.

Pola súa parte, a concelleira de Parques e Xardíns, Raquel Caruncho, explica que os traballos consistiron “na adecuación e mellora da zona de xogos reunificando as tres zonas existentes”.

Abastecemento

Obras na rede entre O Portiño e A Anduriña

As obras de renovación da última fase da rede xeral de abastecemento de Pontedeume, que subministra auga ás parroquias de Centroña e Boebre, comezaron no tramo comprendido entre O Portiño e A Anduriña. Os traballos, que contan cun orzamento de 169.000 euros, consistirán na renovación da rede existente, substituíndo

a condución actual de fibrocemento por unha nova de fundición, cunha lonxitude de 1.715 metros. “Coa execución deste último tramo remataremos o plan de renovación da rede que discorre entre o casco e esas dúas parroquias, que contou con un orzamento que ronda os 600.000€”, explica o alcalde, Bernardo Fernández.



Bernardo Fernández, alcalde de Pontedeume.

Ensin

O IES Fraga do Eume será un novo Centro Integrado de FP

A RECONVERSIÓN É UNHA OPORTUNIDADE PARA PONTEDEUME POLA AMPLIACIÓN DA OFERTA ACADÉMICA E POLO IMPACTO NA ECONOMÍA LOCAL, DEBIDO AO AUMENTO DO ALUMNADO

O Concello de Pontedeume considera que a reconversión en Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) do IES Fraga do Eume “supón unha gran oportunidade para a vila”.

Tras as conversas mantidas cos responsables da consellería, o alcalde de Pontedeume, Bernardo Fernández Piñeiro, e a concelleira de Educación, Alejandra Bellón, asistiron no centro educativo a un acto no que o secretario xeral de Educación e Formación Profesional, José Luis Mira, anunciou esta decisión, que mellorará a calidade formativa e a futura inserción laboral dos estudantes de toda a comarca.

“A ampliación da oferta académica e formativa convertirá o centro na referencia para o norte das provincias da Coruña e Lugo”, afirma o alcalde, Bernardo Fernández, “o que suporá un incremento do número de estudantes, dos que moitos vivirán aquí durante o curso, co que iso significa para o mercado de aluguer de vivendas, así coma para o conxunto do sector servizos”.

A conversión suporá a incorporación á actual oferta deste centro de dous ciclos de ciclo superior, o de Axencias de



Asistentes ao acto no centro nas dúas imaxes.

viaxe e xestión de eventos e o de Xestión de aloxamentos, mellorando as posibilidades de empregabilidade do alumnado.

“Estamos avanzando coas esixencias que marca a sociedade, que demanda unha profesionalización da hostalaría e un turismo de calidade”, engade Alejandra Bellón.

O alcalde agradece “o apoio de José Luis Mira e de Indalecio Cabana, delegado territorial de Educación, para poñer en marcha esta iniciativa, moi importante para Pontedeume e a súa comunidade educativa”. O IES Fraga do Eume é un centro de referencia para a formación dos profesionais do sector e forma parte da Rede galega de Formación Profesional de hostalaría.



Reciclaxe

Proxecto de compostaxe domiciliaria para a veciñanza eumesa

O Concello de Pontedeume arrincou unha campaña de sensibilización que acompañará a implantación do proxecto de compostaxe domiciliaria a desenvolver no termo municipal.

O proxecto está articulado para a participación de 100 veciños e veciñas que recibirán de forma gratuíta os medios materiais para a elaboración de compost.

Así, os interesados en coñecer máis en detalle o proxecto e resolver as súas dúbidas na materia puidéron achegarse ao stand informativo que o concello instalou o día 27 na Praza do Conde.

Os veciños e veciñas que desexen adherirse á iniciativa poderán solicitar a súa participación contactando co teléfono 629 993 009 ou no enderezo electrónico manuela.garcia@pontedeume.gal, facilitando os seguintes datos: nome, apelidos, DNI, teléfono de contacto e enderezo.

A selección dos participantes será por orde de solicitude, sendo imprescindible pertencer ao termo municipal de Pontedeume, contar cun espazo de horta e/ou xardín, comprometerse a proporcionar un uso adecuado aos materiais que se entregarán no marco do proxecto así como facilitar o seguimento que levarán a cabo técnicos especialistas na materia.

O Concello de Pontedeume e a Xunta de Galicia, a través do programa FEDER 2014-2020, cofinancian este proxecto de compostaxe doméstico.

Promoción

O ‘Receitario de Entroido’ fomenta a gastronomía e os produtos locais

O Concello de Pontedeume iniciou hai escasas datas unha campaña de promoción e visibilidade dos produtos e a gastronomía local, grazas á participación cidadá de todas as veciñas e veciños que fixeron chegar á Oficina de Turismo as súas fotografías e receitas de Entroido durante o pasado mes de febreiro.

No ‘Receitario de Entroido’ realizado poden atoparse receitas para a elaboración de flores de Entroido, follas de limoeiro, rosquillas da tona, torradas, freixós, rosquillas e outros platos típicos das pasadas festas.

Máis de 1.500 exemplares están xa a disposición de todos os clientes do Mercado Municip

pal e dos establecementos de alimentación do termo municipal, así como na Oficina de Turismo (Torreón dos Andrade).

Unha iniciativa conxunta e participativa da veciñanza eumesa que fomenta a promoción e difusión da gastronomía, así como a calidade do produto local e dos establecementos de alimentación eumeses.



‘Receitario de Entroido’.

Dotacións



Traballos nos pasos de peóns.

Tarefas de iluminación dos pasos de peóns eumeses

MÁIS SEGURIDADE NAS VÍAS CON MAIOR DENSIDADE DE TRÁFICO

O Concello de Pontedeume informa á veciñanza do comezo dos traballos da segunda fase de iluminación dos pasos de peóns da vila. “Trátase dunha actuación que iniciouse nas vías con maior densidade de tráfico de vehículos e peóns, e irá ampliándose progresivamente a todos os pasos do municipio”, explica o concelleiro de Obras de Pontedeume, Daniel Ríos.

Neste caso, tras a instalación destes elementos na avenida de Ricardo Sánchez, o mes pasado iniciouse nas avenidas Lombardero e Doutor Villanueva. Ao igual que a avenida Ricardo

Sánchez, son moi transitadas tanto por vehículos coma por peóns, xa que se tratan dos principais accesos a establecementos comerciais, un centro educativo, un parque ou a Oficina de Turismo.

Esta actuación enmárcase tamén dentro da iniciativa de ‘Camiños Seguros’ posta en marcha dende a Concellería de Educación. Unha vez rematada esta instalación, procederase ao pintado dos pasos.

Así mesmo, aproveitáronse estes traballos para a construción de rampas tanto nos pasos de peóns, coma na Praza do

Conde ou nun dos accesos ao Xardín de Lombardero, co obxectivo de eliminar barreiras arquitectónicas e facilitar a mobilidade e accesibilidade ás persoas en cadeiras de rodas ou aos carriños de bebés.

A próxima actuación deste tipo terá lugar na estrada provincial 4803 ao seu paso por Boebre. “Continuamos co plan posto en marcha no ano 2015 para a renovación e mellora de todos os servizos e infraestruturas de Pontedeume, tanto no casco urbano como nas parroquias”, afirma o alcalde, Bernardo Fernández.

Concienciación

Pontedeume celebra o ‘Día da Árbore’ cos centros educativos

O Concello de Pontedeume organizou o ‘Día da Árbore’, coa participación dos centros escolares de educación infantil e primaria da vila.

Na iniciativa contouse coa colaboración do profesorado e alumnado do obradoiro de emprego “ÁrbatoEmprende”, na súa especialidade de “Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes”.

O concello aproveitou a ocasión para a realización dun libreto onde se recollen as orixes da “Festa da árbore” en Pontedeume que se remonta ao ano 1912, a importancia do entorno onde se fixeron estas plantacións, así como información dos tipos

de árbores. Esta publicación está a distribuírse desde a Oficina de Turismo (Torreón dos Andrade), non dubides en achegarte e solicitala.

“Grazas a todas e todos polo voso interese nesta iniciativa de educación medioambiental que se enmarca dentro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda2030 e que forma parte tamén do programa “Vilas en Flor Galicia”, ao que está adherido o Concello de Pontedeume, e que busca a mellora e potenciación dos espazos verdes, a súa xestión sostible e a concienciación cidadá no cuidado do entorno”, engadiu o grupo de goberno.



O alumnado no Día da Árbore.

Semana da Poesía

Sementeira de versos eumeses

O Concello de Pontedeume convidou aos centros escolares a unha sementeira especial, unha sementeira de versos, para festexar a Semana da Poesía. Con esta actividade realizada nos xardíns do Paseo Marítimo Rosalía de Castro, achegouse este xénero á rapazada, que descubriu que a poesía é accesible e sinxela.

Dende as concellerías de Cultura, Parques e Xardíns e Educación queren dar as grazas pola fantástica acollida desta actividade en tódolos centros escolares, que da man de Alexandre Caínzos e dos versos do Xardín do Pasatempo de Ramiro Fonte, se adentraron durante uns días no mundo da lírica.



Sementeira de Versos en Pontedeume.

Emprendemento



Sinatura do convenio por Valentín González Formoso e Manuel Meizoso.

75.000 euros para dinamizar o emprendemento en A Capela

A DEPUTACIÓN E O CONCELLO FIRMAN UN CONVENIO PARA O NOVO COWORKING

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e o alcalde da Capela, Manuel Meizoso, acaban de asinar o convenio polo que a institución provincial e o Concello da Capela destinarán 75.000 euros para financiar as actividades de dinamización e fomento do emprendemento no novo centro de coworking da Capela, integrado na Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo.

“O obxectivo do acordo que asinamos hoxe é poñer a funcionar a pleno rendemento o novo centro de coworking da Capela, captando aos emprendedores que darán vida a este espazo e aos que axudaremos a crear, desenvolver e lanzar ao mercado os seus proxectos empresariais”, afirmou González

Formoso, que explicou que a Deputación ofrecerá aos emprendedores “tutorización, formación e seguimento continuo dos seus proxectos por parte dun equipo de profesionais”.

Así, as empresas que se implanten no centro recibirán asesoramento profesional individualizado sobre os seus negocios. Ademais, recibirán formación continua para dotar ós novos emprendedores dos coñecementos necesarios para que os seus proxectos se transformen en empresas competitivas e duradeiras que axuden a crear emprego na zona.

Finalmente, a xestión do coworking encargárase de potenciar as posibles sinerxias e colaboracións entre as empresas que se implanten no centro, no que os proxectos relaciona-

dos co sector primario terán un protagonismo importante.

Capacidade para 12 empresas

O centro de coworking sitúase no primeiro andar do antigo centro de saúde das Neves, na Capela. O espazo conta cunha superficie de case 180 metros cadrados e capacidade para acoller ata 12 empresas, co obxectivo de xerar actividade económica e emprego, ofrecer oportunidades laborais á mocidade e loitar contra perda de poboación no rural.

O inmoble conta cunha zona de traballo dividida en 4 oficinas modulares con mesas, cadeiras, armarios, enchufes e tomas de conexión de banda ancha, ademais dun espazo de traballo conxunto con 8 postos e unha ampla sala de reunións.

Medio Ambiente

Cabanas inviste nos seus recursos naturais e arquitectónicos

O Concello de Cabanas, a través da concellería de Medio Ambiente, acaba de rematar os traballos de recuperación de recursos naturais e de arquitectura tradicional na parroquia de Soaserra. Unha actuación que se desenvolveu en dúas fases e cuxa segunda parte acaba de rematar e que se suman á primeira fase realizada en outono.

Esta segunda fase, recentemente concluída, serviu para restaurar a fonte de Cerdeiras e recuperar o seu caudal. Ademais, tamén se levaron a cabo nesta etapa labores de limpeza e acondicionamento na contorna do lavadoiro e fonte de Soaserra, incluíndo a recuperación dunha ponte de madeira.

Deste modo, completáronse os traballos realizados durante o pasado outono na primeira fase, cando se recuperou unha parcela abandonada para a

creación dunha área de lecer con bancos para o esparcemento da veciñanza.

Mellora da seguridade

“Estas actuacións permiten pór en valor o patrimonio local, coa restauración de fontes tradicionais, a creación de espazos de lecer e a mellora da seguridade na ponte do camiño que une Igrexario con Xabariz, incluído na nova ruta de acceso a Caaveiro desde Soaserra”, sinalou o tenente de alcalde e responsable de medio ambiente, Iago Varela.

Dende o Concello de Cabanas informan que as actuacións previstas para recuperar estes recursos supoñen un investimento de 15.766 euros. Este presuposto está vencellado ás axudas a investimentos non produtivos para a realización de obxectivos agroambientais e climáticos no ámbito dos Parques Naturais de Galicia.



O lavadoiro recuperado grazas á intervención.

Axudas

Monfero aumenta as axudas ao estudo

Na primeira semana do mes de abril, o Concello de Monfero abriu o prazo para a solicitude de axudas ao estudo para o presente curso escolar 2020-2021.

As solicitudes poderán presentarse pola sede electrónica do Concello de Monfero, ou de non ser posible, no Rexistro de Entrada do Concello.

O prazo para presentar as

solicitudes rematará o 30 de abril de 2021.

Dende o Concello de Monfero, destácase que este ano o orzamento destinado a estas axudas aumentou, pasando de 7.000 a 12.000 euros. As persoas interesadas na súa tramitación poden obter máis información na web do Concello de Monfero.

Infraestruturas

A Deputación adxudica as obras da estrada DP-0905 en Monfero

A Deputación da Coruña acaba de adxudicar por 363.128 euros as obras de mellora da seguridade vial da estrada DP-0905, ao seu paso por Monfero. As obras atenden á demanda realizada polo alcalde de Monfero, Andrés Feal, ao presidente da Deputación, Valentín González Formoso, na súa última visita oficial ao municipio, e suporán

a renovación completa do firme da estrada nun tramo de case 7 kilómetros e que presenta importantes signos de desgaste que poden afectar á seguridade vial.

As actuacións comezarán esta mesma primavera, con reparacións localizadas en zonas especialmente deterioradas do vial, polo que circulan unha media de 1.012 vehículos cada día, se-

gundo medicións efectuadas polo servizo provincial de Vías e Obras. Nalgúns tramos incluírase a demolición completa do firme e o saneamento da base e subbase e a colocación de novos drenaxes. Ademais, renovarase o pavimento de todo o tramo e procederase á súa sinalización. As obras terán un prazo de execución de 5 meses.

Infraestruturas

Conclúen as obras de varios viais municipais en Cabanas

O CONCELLO DESTINA MÁIS DE 74.000 ÁS OBRAS CON CARGO AO POS+2020

O Concello de Cabanas, a través da súa área de infraestruturas, veñen de rematar os traballos de reprobación de varios viais municipais. As intervencións de acondicionamento destas estradas recibiron un investimento

de máis de 74.000 euros, unha partida orzamentaria con cargo ao programa POS+2020, Plan de Obras e Servizos, que impulsa a Deputación da Coruña.

As actuacións propostas polo Concello de Cabanas reali-

záronse en diversos puntos do termo municipal. Os traballos consistiron nunha mellora da capa de rodadura e a apertura de gabias. Ademais, procedeu-se tamén ao pintado de sinalización horizontal nos camiños de Lavandeira, Xicos e Barreiras.

Doutra banda, os traballos tamén incluíron a pavimentación dun tramo de 25 metros na Travesía da Barrosa.

Avance na seguridade

“Desde o Concello de Cabanas seguiremos avanzando na mellora dos camiños municipais en próximas actuacións”, sinalou a concelleira de Infraestruturas de Cabanas, Concepción Rodríguez.

A edil tamén puxo en valor a importancia dos traballos concluídos nestes viais, dos que recalcou que “solucionan os problemas de seguridade que tiñan estes camiños polo mal estado do firme”.



Os traballos melloraron as condicións de seguridade dos viais.

Cabanas

Obradoiro para fomentar a saúde entre o alumnado



Os obradoiros continuarán a finais do mes de abril.

A finais do mes de marzo, celebrouse un obradoiro de saúde dirixido ao alumnado de 6º de Primaria do CEIP Eladía Mariño en Cabanas. A actividade celebrouse no marco do Programa de Prevención de Drogodependencias e Condutas Aditivas que coordina conxuntamente o Concello de Cabanas en colaboración co Concello de Ponte-deume.

Trátanse de actividades de empoderamento persoal e fortalecemento das habilidades sociais co obxectivo de previr comportamentos pouco saudábeis e outros factores de risco como trastornos de alimentación, substancias ou pantallas.

A seguinte sesión destes obradoiros, de dúas horas de duración, celebrarase o próximo 26 de abril.





DÍA DO LIBRO EN PONTEDEUME


SÁBADO 24 DE ABRIL - ALAMEDA DE RAJOY

12h. Venda e exposición das librarías Ferreiros e Áncora

13h. “A caixa sen Pandora” (Teatro Ghazafellos)

Dirixido ao público infantil e familiar

En caso de choiva as actividades realizaranse no Convento dos Agostiños - Casa da Cultura








Axudas



Case a metade dos fondos, máis de 1,3 millóns, destinaranse a ampliar os Servizos de Axuda no Fogar.

A Deputación reforza con 2,7 millóns os programas sociais das comarcas

O pleno da Deputación da Coruña aprobou este mes de marzo, por unanimidade de todas as forzas políticas, o Fondo Social do Plan Único (POS+2021), que destina 13.884.408 euros para apoiar aos concellos da provincia no incremento do gasto social derivado da pandemia.

No que se refire ás comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, destinaranse 2.692.805 euros, con partidas especialmente importantes en Narón (340.038 euros), As Pontes (290.305 euros) ou Ortigueira (240.842 euro).

O presidente da Deputación, Valentín González Formoso destacou “a adaptación” do Plan á situación actual “para dar resposta ás necesidades dos concellos e da cidadanía, reforzando os programas de protección social dos concellos para non deixar a ninguén atrás na saída da crise”.

O presidente lembrou que a Deputación da Coruña reforzou este ano todos os seus programas sociais para facer fronte ás consecuencias da pandemia entre os colectivos máis

Concello	Total
Ares	81.373,11 €
Cabanas	79.563,28 €
Cariño	87.151,72 €
A Capela	71.181,86 €
Cedeira	135.478,62 €
Cerdido	66.727,54 €
Fene	143.700,24 €
Ferrol	157.789,12 €
Mañón	94.554,66 €
Moeche	70.406,86 €
Monfero	155.923,62 €
Mugardos	81.268,20 €
Narón	340.038,26 €
Neda	79.224,16 €
Ortigueira	240.842,31 €
Pontedeume	109.445,30 €
As Pontes	290.305,84 €
S. Sadurniño	117.654,69 €
Somozas	94.435,77 €
Valdoviño	136.400,00 €
TOTAL	2.692.805,03 €

vulnerables e as familias con menos recursos, un compromiso que se plasma nos Orzamentos 2021 da institución provincial, que este ano incrementou a partida da área social de 11,8 a 27,4 millóns de euros, un 137% máis que no pasado exercicio.

Ámbito	Total
Reforzo de persoal	321.131,17 €
Ampliar partidas	335.151,70 €
Axudas a familiar	170.145,24 €
Ampliar SAF	1.397.641,08 €
Reforzo Resp. familiar	105.445,35 €
Reforzo pers. sen fogar	-
Adquisición EPIS	227.237,24 €
Outros gastos imprescindibles	136.053,25 €
TOTAL COMARCAS	2.692.805,03 €

O 44% dos fondos destínanse a ampliar a axuda no fogar

Ao igual que sucede cos fondos convencionais para obras e servizos do Plan Único, son os concellos os que deciden as súas prioridades á hora de investir os recursos consignados deste novo POS Social.

Dos preto de 2,7 millóns de euros que a Deputación destina este ano a reforzar os servizos sociais municipais, algo menos da metade (1.397.641 euros, o 43,8%) irán destinados a reforzar os Servizos de Axuda no Fogar (SAF), o que amosa a importancia que os concellos dan a este servizo fundamental de apoio a persoas maiores ou con discapacidade e a necesidade de reforzar o persoal e medios cos que contan.

Cabe destacar que a Deputación incrementou tamén este ano ata os 8 millóns de euros o orzamento do programa que financia os SAF dos concellos coruñeses, o que permitirá financiar máis de 300.000 horas de axuda no fogar.

Tamén destacan os fondos do Plan Único que os concellos destinarán a ampliar as partidas económicas que teñen consignadas para os seus programas de protección e axuda social (335.151 euros, o 15,8%) e os destinados á contratación de persoal (321.131 euros, o 12,12%).

Os concellos da provincia destinarán ademais o 7% dos fondos sociais do Plan Único (170.145 euros) a crear ou incrementar os fondos dos seus programas de axudas a familias en situación de especial vulnerabilidade ou con escasos recursos, un 6,44 % a adquisición de EPIS e un 4,52% a programas de conciliación e/ou respiro familiar.

8M

As traballadoras do SAF, premiadas no Día Internacional da Muller



A Asociación de Mulleres de Cedeira entregou o pasado mes de marzo o seu premio con motivo do 8M ao colectivo de traballadoras que se ocupan no municipio dos Servizos Sociais, tanto ao persoal municipal que xestiona este departamento como ás mulleres que se ocupan do Servizo de Axuda no Fogar.

O alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, expresou tamén o seu agradecemento e sumou o recoñecemento do Concello ás persoas que prestan este servizo tan importante e que “fixeron un esforzo enorme para manter a atención durante a pandemia, en circunstancias moi difíciles, sen decaer na atención a maiores e dependentes”.

Tal como anunciou a asociación a través das súas redes sociais, a pandemia amosou o que é verdadeiramente importante e significou aqueles traballos que non poden facerse a distancia. Desde a entidade apuntan que o labor dos Servizos Sociais e do Servizo de Axuda a Domicilio é sempre fundamental e indispensable, pero “durante este tempo foino aínda máis”.

O Concello sumouse neste 2021 á campaña promovida pola Deputación Provincial da Coruña baixo o lema “OitoM Moito por cambiar”, que xirou en torno ás moitas reivindicacións feministas que aínda quedan por conquistar e que aposta polo traballo en rede para impulsar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Como en anos anteriores, o Concello de Cedeira aproveitou a data do 8M para difundir, en colaboración coas bibliotecas do CEIP Nicolás do Río e o IES Punta Candieira, unha relación de lecturas recomendadas para entender e defender o feminismo.

Deputación
DA CORUÑA

SOCIALMENTE INDISPENSABLES

**A Deputación apoia a pemes,
microempresas e persoas autónomas
con axudas desde 2.400 € a 46.300 €**

*O PEL máis social para estar xunto
aos pequenos negocios **indispensables**
nas nosas vidas, creando emprego
e apoiando a economía local.*

*Aberto o prazo ata o 15 de abril.
emprego.dacoruna.gal*

PEL

**Plan de
Emprego
Local**



Investimentos

Mato demanda á Xunta e ao Goberno a modernización do tren a Ferrol

O alcalde de Ferrol, Ángel Mato, remitiulles hoxe ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, e ao ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, José Luis Ábalos, unha carta na que lles demanda que na súa vindeira reunión, programada para despois da Semana Santa, inclúan como tema prioritario a modernización da liña ferroviaria entre a cidade e A Coruña. O rexedor considera que é o momento axeitado para avanzar nun proxecto estratéxico para toda a comarca, que posibilita unha conexión “adaptada ao século XXI”. Tamén porque precisamente agora se está a falar “de resiliencia, de loita contra o despoboamento, de transporte sostible e de reducir as emisións de CO₂”. Para Mato, a construción dun novo trazado que posibilita a redución do tempo de viaxe e faga o tren competitivo e rendible é “un pilar esencial” para o desenvolvemento dos municipios da zona e para a vertebración das cidades e as comarcas polas que pasa o ferrocarril.

Conxuntamente coas misivas, o alcalde remitiulles a ambos exemplares do Informe sobre a liña ferroviaria A Coruña-Ferrol, un estudo realizado polo catedrático de Enxeñaría e Infraestrutura dos Transportes Miguel Rodríguez Bugarín. Nel cífrase en 730 millóns de euros o investimento necesario para reducir á metade o tempo de viaxe entre Ferrol e A Coruña, actualmente dunha hora e quince minutos.

“É un asunto que ten que estar na axenda política do Goberno galego e nas conversas co ministerio”, apuntou Mato. O rexedor ferrolán insistiu en que, se “verdadeiramente se quere facer unha aposta pola recuperación e a competitividade, é o momento de apostar por esta conexión ferroviaria”, e lembrou que só hai unha opción para este trazado, a de “recuperar a idea de que o eixo atlántico ferroviario vai de Ferrol á fronteira lusa”.

Ademais do informe sobre o ferrocarril, a carta acompañase do estudo Estratexias de competitividade de Ferrol e comarca.

Patrimonio

O Castelo de Moeche terá novos contidos e expositores coa axuda da Deputación

INVESTIRANSE PRETO DE 50.000 EUROS PARA ACTUALIZALOS E CREAR UNHAS NOVAS EXPERIENCIAS DE REALIDADE VIRTUAL

O Castelo de Moeche contará con novo contido expositivo e actividades para os visitantes grazas ao acordo acadado entre o Concello e a Deputación da Coruña o pasado mes de marzo. O vicepresidente da Deputación, Xosé Regueira, visitou o concello de Moeche e a alcaldesa, Beatriz Bascoy, se achegaron ao castelo, onde a área provincial de Turismo se comprometeu a investir arredor de 50.000 euros na actualización dos contidos expositivos da fortaleza, adaptándoos ademais ás novas tecnoloxías mediante realidade aumentada.

Xosé Regueira comprometeu o apoio para unha actuación na que se reaproveitarán os contidos actuais e se integrarán cos que se producen de novo, ademais de instalar os soportes máis axeitados para ofrecer unha visión xeral sobre a relevancia histórica e arquitectónica do conxunto e de cada unha das súas dependencias.



Visita dos responsables da Deputación e da alcaldesa de Moeche ao castelo.

Neste sentido a área provincial de Turismo aposta polos soportes físicos, pero tamén por crear novas experiencias “por medio da realidade aumentada”, de cara a asegurar que a actualización que se leve a cabo “perdure e sexa moderna”, adiantou Xosé Regueira.

A alcaldesa de Moeche, Beatriz Bascoy, explicou que os módulos expositivos do Centro de Interpretación “están obsoletos e non son nada prácticos”, ademais de precisar unha actualización para ampliar a difusión do papel que desempeñou a fortaleza como escenario das Revolucións Irmandiñas”. Durante abril só estará aberto nas fins de semana e

iniciará os horarios habituais de primavera-verán no mes de maio.

Como aliciente engadido cabe recordar que no Centro de Interpretación estará instalada ata setembro unha colección de maquetas feitas con bloques de Exín Castillos na que se poderán ver a escala espectaculares reproducións da fachada do Obradoiro da catedral de Santiago, da torre dos Andrade en Pontedeume ou do castelo de Pambre, entre outras. A elas sumarase dentro duns días unha de pequeno tamaño do propio fortín medieval de Moeche que será substituída en agosto por outra de maior envergadura e detalle.

Servizos

Máis de 730.000 euros para o novo alumeado público de Cariño

O Concello de Cariño aprobou no pleno de marzo a adjudicación do contrato para renovar a tecnoloxía LED toda a iluminación pública do municipio por un importe de 730.000 euros. A actuación supón un ambicioso proxecto de mellora da iluminación pública no municipio: modernizarase o sistema, cambiaranse os puntos de luz e lograrase un significativo aforro.

A través deste proxecto cambiaranse a LED 1.546 luminarias e 23 cadros de mando. A renovación dos cadros por outros máis modernos que contan con sistemas de control remoto permitirá acender, apagar ou

regular a intensidade de cada unha das luminarias en calquera momento e sen ter que acceder fisicamente ao sistema, simplemente a través dun móbil.

Para financiar estes traballos o Concello recibiu unha subvención do Instituto para a Div O Concello de Cedeira celebra que a Asociación de Mulleres da Vila teña decidido entregar o seu premio con motivo do 8M ao colectivo de traballadoras que se ocupan no municipio dos Servizos Sociais, tanto ao persoal municipal que xestiona este departamento como ás mulleres que se ocupan do Servizo de Axuda no Fogar. O alcalde,

Pablo Diego Moreda Gil, expresou tamén o seu agradecemento e sumou o recoñecemento do Concello ás persoas que prestan este servizo tan importante e que “fixeron un esforzo enorme para manter a atención durante a pandemia, en circunstancias moi difíciles, sen decaer na atención a maiores e dependentes”.

O aforro económico será cuantioso, xa que dos aproximadamente 100.000 euros que se gastan agora anualmente na iluminación pública estímase que se aforrarán 65.000 euros, pasando así a gastar un total de 35.000 euros ao ano.

Servizos

Os proxectos de renovación da iluminación en Ares superan os 760.000 euros

O Concello de Ares e o Goberno de España, a través do Ministerio de Transición Ecolóxica, invisten 760.056,34 euros na renovación da iluminación da vila para lograr un aforro do 70 por cento no consumo enerxético.

Ata o de agora o Concello recibiu axudas estatais para tres proxectos valorados en 343.720,80 euros, dos cales a administración municipal asumiu 68.744,16 euros de fondos propios, o que permitiu renovar as instalacións de iluminación exterior tanto no núcleo urbano como en zonas rurais.

A subdelegada do Goberno na Coruña, Pilar López-Rioboo; analizou co alcalde de Ares, Julio Iglesias analizaron os dous novos proxectos que se acometerán nos próximos meses. Estas iniciativas contan cun investimento total de 400.056,34 euros, de tal forma que o gasto total realizado conxuntamente na renovación da iluminación pública será de 760.285,05 euros, dos que 148.641,79 euros son aportados polo concello. Os plans de actuación encontráanse actualmente en fase de licitación por parte do goberno municipal.

O primeiro dos proxectos refírese á renovación das instalacións de iluminación na avenida de Mugardos, rúa Carmen, rúa Franxa, Porta do Sol, rúa Real e rúa San Antonio. Ademais da renovación das luminarias e báculos, modernizaranse a totalidade dos equipos e cadros eléctricos. O custo total ascende a 320.128,71 euros.

Tamén impulsarán a colocación de instalacións fotovoltaicas en diversos inmoables municipais, por un importe de 79.927 euros, que contarán coa financiación do IDAE.

A actuación permitirá a instalación de paneis solares fotovoltaicos sen sistema de acumulación eléctrica en sete puntos municipais (Casa da Xuventude, campo de fútbol de Prados Vello, as Alianzas do Lago, o edificio que acolle as dependencias dos Servizos Sociais, os depósitos da auga ubicados nos Castros e na Urbanización Marina do Pombal e a nave almacén dos servizos municipais).

Infraestruturas

A ampliación do centro de saúde de Cedeira será unha realidade

CONCELLO, SANIDADE E O ÁREA SANITARIA REUNÍRONSE PARA TRAZAR AS ÚLTIMAS LIÑAS DESTA DEMANDADO PROXECTO COMPROMETIDO HAI 9 ANOS

O alcalde de Cedeira, Pablo Diego Moreda Gil, e outros membros do goberno local mantiveron durante o pasado mes de marzo unha reunión telemática co conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, e o xerente da Área Sanitaria de Ferrol, Ángel Facio, na que despxeron o camiño para asinar proximamente o convenio de cesión, por parte do Concello, do edificio no que a administración galega poderá acometer a ampliación do actual Centro de Saúde.

Moreda Gil expresou a súa satisfacción polo compromiso acadado por Sanidade, “que resposta a unha necesidade real e manifesta que a cidadanía de Cedeira ten desde hai máis dunha década”.

O alcalde agradeceu a receptividade que ten atopado o seu goberno en Ángel Facio, así



O Concello de Cedeira adquiriu e puxo a disposición da Xunta o edificio anexo ao centro de saúde

como a boa disposición do conselleiro, Julio García Comesaña, e destacou que ambos os dous responsables entenderon que esta é unha demanda máis que xustificada e longamente esperada. Expresou tamén a súa gratitude ao propio persoal do Centro de Saúde de Cedeira polo seu compromiso cos usuarios e coa mellora do servizo.

Na reunión, Moreda Gil expuxo as carencias do Centro de

Saúde actual, que presenta deficiencias de tipo estrutural e construtivo. Faltan dependencias para arquivo, zona de almacén de material, salas de pediatría e fisioterapia e un espazo para ciruxía menor; entre outras necesidades, e tamén existen problemas de goteiras, malos olores e accesos deficientes. Coa cesión por parte do Concello do antigo edificio “das sindicais”, o Centro de Saúde aumentará a súa dispo-

ñibilidade de superficie útil case nun 50 e poderá completar a súa dotación e ofrecer un mellor servizo á cidadanía do municipio e das zonas limítrofes que tamén o teñen como referencia.

Modificación do PXOM


O Concello de Cedeira acaba de contratar por máis de 17.500 euros a redacción dunha modificación puntual do PXOM que é necesaria para a ampliación

do Centro de Saúde. Cómpre recordar que en decembro de 2019 a administración local comprou por máis de 60.000 euros a planta baixa, terceira e baixo cuberta do inmoble situado no número 7 da rúa Ortigueira, co que completou a propiedade do edificio e puido poñelo á disposición da Consellería.

O alcalde recordou que os problemas do Centro de Saúde, aínda que agravados agora coa pandemia, veñen de lonxe. Así, lembrou que no ano 2012 o Ministerio de Agricultura reservara unha partida de 2.445.000 euros para ampliar e mellorar o Centro de Saúde de Cedeira -publicouse no BOE-, e que aqueles fondos non chegaron a investirse porque a Xunta non asumiu a parte correspondente.

A finais de 2017 aprobouse unha proposición non de lei presentada polo PSdeG no Parlamento Galego, cos votos do PP, na que se invitaba ás partes a dialogar para buscar unha solución á necesidade de ampliación do Centro de Saúde.

En febreiro pasado aprobouse por unanimidade no Parlamento Galego unha nova iniciativa do PSdeG, na que se pedía o cumprimento por parte da Xunta dos compromisos adquiridos con Cedeira.



AXUDAS Á NATALIDADE

CHEQUE
300 EUROS

Solicítas no Concello de Neda



Municipal

Neda aproba un orzamento municipal de 4,8 millóns “eminentemente social”

O OBXECTIVO DO GOBERNO DE ÁNGEL ALVARIÑO FOI BLINDAR O GASTO SOCIAL PARA MINIMIZAR O IMPACTO SOCIOECONÓMICO DA PANDEMIA NAS FAMILIAS MÁIS DESFAVORECIDAS

O Concello de Neda aprobou os orzamentos para 2021. Unhas contas marcadas pola pandemia coas que a Administración local busca especialmente responder ás necesidades en materia social, minimizando o impacto socioeconómico derivado da covid-19. Segundo explicou o alcalde, Angel Alvaríño, ascenden a 4.801.736,38 euros, co que gastos e ingresos se incrementan nun 2,28% respecto aos últimos orzamentos, aprobados en 2018. Na sesión plenaria extraordinaria, as contas saíron adiante cos votos do grupo de goberno.

O rexidor destacou a importancia de dar luz verde aos orzamentos para adaptalos ao novo contexto, blindando o gasto social e reforzándoo con partidas procedentes doutras áreas como cultura ou deportes nas que a actividade mermou polas restricións impostas.

Así, neste contexto, o Conce-



llo prioriza máis que nunca a atención á dependencia e a cobertura das necesidades básicas dos colectivos máis vulnerables durante a crise da covid-19.

Na práctica, veranse ampliadas as partidas destinadas a emerxencia social (adquisición de alimentos, axudas para cuotas de hipotecas, recibos de aluguer, luz, compra de EPIS e menciña); os fondos para cubrir a exención de tributos e taxas coas que aliviar a súa presión fiscal, e os recursos económicos para prestar o servizo de axuda no fogar (Neda é o concello da provincia da Coruña

de menos de 20.000 habitantes que máis esforzo inversor realiza neste sentido). Manteranse tamén as axudas á natalidade como o cheque 300 ou as subvencións para o acceso á escola infantil municipal.

As contas tamén contemplan as subvencións ao estudo, incluído o ciclo de Infantil, e as axudas para a posta en marcha dos servizos de comedores escolares e programas madruga nos centros educativos de Neda. Ademais, os orzamentos dan continuidade ás subvencións a entidades sen ánimo de lucro.

As contas contemplan tamén as previsións de gasto derivadas das modificacións propostas na Relación de Postos de Traballo e futuras contratacións, como o reforzo do departamento municipal de Servizos Sociais cun traballador social a media xornada.

Neste exercicio, igual que sucedera no ano anterior, xa non é necesario dotar cantidade algunha para facer fronte ó pago de xuros e amortización de capital ao quedar totalmente cancelado no ano 2019 o único préstamo vixente ata entón cunha entidade financeira.

Celebracións

Cancelada de novo a Feira do Polbo de Mugardos pola COVID-19

A Xunta de Portavoces do Concello de Mugardos acordou por unanimidade a cancelación da 30ª edición da Festa do Polbo, cuxa celebración estaba prevista para o mes de xullo de 2021.

Os motivos polos que se anula por segundo ano consecutivo a celebración desta festa, son exclusivamente sanitarios. A continuidade da pandemia do COVID-19, unida á redución dos aforos nos espazos exteriores e interiores (motivada pola necesidade de manter a distancia interpersonal) e ás restricións á mobilidade fan imposible a celebración desta festividade na situación actual.

Segundo apuntou o Alcalde de Mugardos, Domingo Deus, “esta decisión tómase en consenso con todos os grupos políticos e coa hostalería, á que se apoiará e compensará cun plan de dinamización que se presentará proximamente”.



Servizos

Cerdido consegue unha subvención ‘histórica’ para instalar luces LED

O Concello de Cerdido conseguiu tras varios meses de xestións unha subvención do goberno para a renovación da súa rede de iluminación pública con tecnoloxía LED.

En concreto, recibiu a notificación do Ministerio de Transición Ecolóxica de que lle foi concedida unha subvención de 484.000 euros coa que financiará o 80% de renovación da rede municipal, unha actuación cun orzamento total de 606.000 euros que supoñerá a instalación de 1.060 novos puntos de luz.

O alcalde de Cerdido, Benigno Gallego, destacou que a nova rede dotará á vila “da tecnoloxía máis eficiente no ámbito da iluminación pública, cunha mellora da visibilidade no centro urbano e as parroquias”.

O aforro para as arcas municipais “será duns 65.000 euros ao ano, que o concello poderá investir noutras necesidades”. Trátase da subvención de maior contía obtida por Cerdido na súa historia.

A renovación da rede permitirá ao concello contar cun

sistema de axuste dos horarios de acceso e do consumo en horario de madrugada, rebaixar os gastos de mantemento mediante aumento da vida útil das luminarias e reducir a contaminación lumínica, cumprindo todas as normativas da Unión Europea.

A subvención procede en concreto da convocatoria “Axudas a entidades locais para proxectos de investimento en economía baixa en carbono” destinadas á mellora dos sistemas de iluminación mu-



nicipais, xestionada polo IDAE (Instituto para a diversificación e o aforro de enerxía) e que comprende actua-

cións que supoñen unha redución das emisións de gases efecto invernadoiro a nivel nacional.

Servizos

Narón reducirá a tarifa de refugалlos sólidos urbáns en situacións de emerxencia

CREARASE UNHA NOVA TARIFA DIRIXIDA A LOCAIS E EMPRESAS SEN ACTIVIDADE DEBIDO A PECHES TEMPORAIS FORZOSOS

A corporación local aprobou hoxe de xeito provisional a modificación de tres ordenanzas fiscais: a xeral de Xestión, recadación e inspección; a reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e a reguladora da taxa por recollida de refugалlos sólidos urbáns. Nesta última o portavoz de Terra Galega e concelleiro de Facenda, Román Romero, explicou que se creará unha nova tarifa dirixida a locais e establecementos sen actividade debido a peches temporais forzosos obrigados decretados polas autoridades sanitarias.

A tarifa reducirase, tal e como indicou Romero, naqueles casos nos que os peches sexan por un período mínimo de 25 días naturais dentro do mesmo trimestre, ao considerarse ese prazo o suficientemente relevante para condicionar o exercicio da actividade económica.

A maiores, no referente ao servizo de recollida de resi-



duos sólidos urbáns tamén se contempla na modificación a aplicación dun desconto á veciñanza derivado da aplicación do canon reducido de Sogama, que se estimou nun 3,5% anual. Dende a Alcaldía, co fin de poder aplicar esta modificación adquiriuse o compromiso de impulsar medidas que fomenten a recollida selectiva para reducir a produción de lixo convencional e fomentar a reciclaxe de envases lixeiros.

Así mesmo, a ordenanza de xestión, recadación e inspección do Concello modificarase para que ante casos de emerxencia ou alarma declarados polo Goberno central ou auto-

nómico as taxas, prezos públicos e outros ingresos de competencia municipal poidan adaptarse ao alcance das restricións ou limitacións que en cada momento impoña a normativa.

En canto á terceira ordenanza a modificar, a reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, aplicaráselle unha serie de variacións nos importes dos diferentes apartados que se comunicarán á Deputación da Coruña, que é a administración que ten delegada a xestión e recadación deste tributo na cidade. As modificacións destas tres ordenanzas terán efecto retroactivo, polo que se aplicarán a data de 1 de xaneiro deste ano.

Servizos

A Deputación pide mellorar o horario do bus a Coruña

A Deputación da Coruña demanda á Xunta de Galicia que priorice o transporte público por estrada que une a comarca de Ferrol coa Coruña, en especial, naqueles tramos horarios máis empregados por traballadores e traballadoras e estudantado.

A través dunha declaración institucional aprobada este venres no pleno, a Deputación da Coruña insta á Consellaría de Infraestruturas e mobilidade da Xunta a priorizar e reforzar o transporte público que une a comarca de Ferrol coa Coruña, o único que se pode utilizar en ausencia de conexión ferroviaria axeitada para este traxecto. En concreto, a declaración solicita ao goberno

galego que priorice os servizos directos entre a Coruña e Ferrol no tramo horario de 6:30 a 7:30, así como o das 14:30, que na actualidade vai por A Zapateira e o das 15:30 que transita pola estrada e demanda ue reforce o servizo de traballadoras e traballadores con dous traxectos na cidade da Coruña, cun bus que chega a Riazor e outro a Salesianos e outros dous de regreso, un polas Pías e outro por Neda.

Ademais, o documento solicita á Xunta que se faga cos servizos de transporte universitario e, na medida do posible, que se faga tamén ese reforzo nas diversas comarcas da provincia da Coruña.



Municipal

Os orzamentos participativos de Cedeira continuarán o próximo ano da man dos alumnos da vila

Apoio unánime do pleno municipal de Cedeira á proposta de orzamentos participativos que esta mañá presentaron os representantes de 4º da ESO do IES Punta Candieira, como culminación ao proceso no que traballaron desde novembro pasado. Un parque de calistenia e un ciclo de autocine serán os proxectos que se executarán co presuposto de 20.000€ reservado nas contas deste ano. O alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, destacou que a experiencia tivo una excelente acollida e que se desenvolveu cun enriquecedor

diálogo e colaboración entre o alumnado e o Concello, ao tempo que comprometeu a continuidade, para que cada ano os mozos e mozas do Punta Candieira pechen a etapa de Secundaria participando nesta “escola de cidadanía”.

Nunha sesión plenaria que parte da corporación seguiu telematicamente, o grupo do BNG trasladou a través do alcalde, por non poder asistir, o seu voto a favor e felicitacións ao alumnado polo traballo realizado.

Na mesma liña, o PP deu os

seus parabéns á comunidade educativa e ao goberno local, desde o que a concelleira Carmela Prieto, que coordinou o proxecto, tamén quixo recoñecer a dedicación dos estudantes, mesmo en tempo de exames e coas dificultades que impuxo a pandemia, así como a dinámica construtiva que seguiron, tendo en conta as fortalezas do territorio e os equipamentos xa existentes para deseñar as propostas máis acaídas. Elixiron entre as 11 propostas que agromaron e foron seleccionadas ao longo do pro-



O alumnado participou telematicamente no pleno do Concello.

ceso iniciado en novembro pasado, no que cada unha delas foi previamente informada favorablemente polos técnicos

municipais para garantir que á votación chegaran proxectos realizables tanto por custes como pola normativa vixente.

Infraestruturas viarias

Novos e mellorados accesos a San Andrés de Teixido e Loiba

AMBOS PROXECTOS SUPUXERON UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS POR PARTE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A Deputación da Coruña está a completar os importantes proxectos de ampliación e mellora da seguridade das estradas que dan acceso a dous dos principais emblemas turísticos do Ortegal e da provincia da Coruña, o banco de Loiba e Santo André de Teixido, en Ortigueira e Cedeira respectivamente.

Na estrada de acceso aos cantís de Loiba, el presidente de la Diputación, Valentín González Formoso, destacou que se trata “dunha obra estratéxica para unha localidade coma Ortigueira que ofrece un turismo de calidade”.

“O proxecto permite que se podan cruzar os vehículos e incluso os autobuses en condicións de seguridade”, afirmou o presidente, que ante os dous presidentes das asociacións veciñais da zona agradeceu “a colaboración e a paciencia” dos veciños polas molestias ocasionadas durante a execución dos traballos, “que van a mellorar de forma notable a seguridade de todos”.

Pola súa banda, o alcalde Juan Penabad agradeceu que a Deputación acometa en Ortigueira “un dos maiores inves-



Valentín González e Pablo Moreda visitaron a nova variante de Pontigas

timentos en estradas deste ano”, cunha obra de case un millón de euros que ademais de mellorar a seguridade do acceso aos cantís de Loiba “vertebra varias parroquias”. O alcalde agradeceu tamén a paciencia dos veciños para uns traballos que “van a permitir eliminar os atascos que se formaban aquí, especialmente no verán”. Penabad sinalou ademais que se habilitará un carril bici no lateral do vial.

O proxecto supuxo un investimento de preto de 1 millón de euros, entre as obras (737.000 euros) e as expropiacións (203.000 euros), que permite mellorar a seguridade e facilitar a circulación nun vial que era moi estreito pero que conta cun importante volume

de tráfico, especialmente na época estival, pois dá acceso aos espectaculares cantís da zona e ao banco de Loiba, coñecido como “o banco máis bonito do mundo”, que atrae a milleiros de visitantes.

Este proxecto tamén servirá para dotar dunha mellor conexión aos distintos núcleos rurais que atravesa. A estrada parte da AC-862 e diríxese ao norte, comunicando os núcleos de Loiba, A Penada, Maciñeira, Burreiros, Fontela y O Picón. As obras execútanse no tramo comprendido entre o inicio do vial e o punto quilométrico 2+400 e inclúen a ampliación da plataforma desde os 4 metros actuais ata un total de 6 metros. Ademais dotarase de novas beiravías de 0,5 metros.

O trazado parte da estrada AC 862, onde se amplía a intersección existente e deseñouse unha semiglorieta de 8 metros de radio interior para canalizar os movementos de xiro dos vehículos. Á altura do alto do ramal dos cantís de Loiba executase unha glorieta de 16 metros de radio e carrís de catro metros para permitir os movementos de xiro dos autobuses. Nas inmediacións da glorieta disporanse sendas áreas de estacionamento para vehículos, unha para autobuses e outra para turismos e motocicletas. Nos 250 metros que separan o aparcamento da zona de O Picón constrúírase unha senda peonil de 2 metros de ancho que contribuirá a mellorar a seguridade peonil.

Construción da variante de Pontigas, en Cedeira

Valentín González e o alcalde Pablo Moreda visitaron tamén as obras de ampliación e modificación do trazado da estrada provincial DP 2204 ao seu paso polo núcleo de Pontigas, en Cedeira, que xa están rematadas e abrirán ao tráfico en cuestión de días. Supuxeron un investimento de 588.219,49 euros para outro dos proxectos máis ambiciosos do departamento de Vías e Obras da Deputación, nun vial que conecta Cedeira cun dos principais destinos turísticos da provincia da Coruña, Santo André de Teixido, segundo explicou o presidente.

A modificación do trazado do vial, que rexistra un importante volume de tráfico debido á circulación de autobuses en dirección a Santo André de Teixido e aos miradoiros dos cantís da zona, realizouse coa construción dunha nova variante cunha lonxitude aproximada de 1,2 quilómetros e o acondicionamento dun vial de enlace de 330 metros que permitirá rodear o núcleo de Pontigas, onde as edificacións estaban moi preto da antiga estrada, o que imposibilitaba a ampliación da actual estrada.

A obra permite diminuír notablemente o intenso tráfico que circulaba a diario polo núcleo de Pontigas, mellorando a seguridade vial na zona, segundo explicou o alcalde Pablo Moreda, que agradeceu “o compromiso da Deputación cos pequenos municipios da provincia” e “a implicación do presidente para “a ecuperación dun proxecto que vén de 2011 e que hoxe é por fin unha realidade”.

As obras supuxeron a ampliación do ancho do vial, pasando dos 5 aos 8 metros (7 de plataforma e 1 de beiravía) cos que conta a nova estrada, á que se dotou dun firme composto por unha capa base de grava e unha capa de 20 cm. de zahorra artificial.

Educación

Hoteis de insectos e viveiros de prantas nos colexios de Fene

As concellerías de Medio Ambiente e Educación do Concello de Fene veñen de poñer en marcha un programa de talleres de temática ambiental nos centros de ensino do termo municipal. A actividade, dirixida por monitores da empresa Ribeirán, ten como obxectivo “educar e concienciar ambientalmente aos nenos e nenas do noso concello para que aprendan na natureza so-

bre a natureza”.

O Colexio Os Casais de Maniños foi o escenario dos primeiros encontros deste ciclo que inclúe un taller de construción dun hotel de insectos para que abellas, crisopas, xoaniñas e outros insectos, se instalen nel e xeren descendencia. Este primeiro taller vén acompañado doutro de prantación de prantas aromáticas coma o romeu ou a lavan-

da “co obxectivo de manter a biodiversidade e potenciar os cheiros nas proximidades do hotel de insectos”. Trátase, en definitiva, de “xerar un clima químico variado e diverso, atraendo polinizadores que fomentarán a agrupación de diferentes especies que se converterán en amortiguadoras das poboacións de insectos”.

En relación coa posta en marcha do programa, a conce-



Os alumnos do colexio Os Casais de Maniños durante as xornadas

lleira de Medio Ambiente de Fene, Marta Pereiro, salienta que “a concienciación ambiental é unha actitude perante a vida que, se se practica dende

a infancia, permitirá que os nenos e nenas se transformen en persoas adultas preocupadas pola conservación do medio ambiente”.

Sucesos

Detido o presunto responsable da morte do ferrolán José María Ares

A Policía Nacional investiga a morte do ferrolán José María Ares, coñecido polo seu nome artístico como DJ JM Ares, que faleceu a madrugada do domingo 28 de marzo tras recibir un disparo no pescozo. O falecido estaba a poñer a música a unha celebración nun chalé de luxo da urbanización Guadalmina, cando recibiu o impacto mortal do proxectil. Foi achado tempo despois pola Policía Nacional no domicilio, só, sen que houbera alí ningún dos participantes da celebración.

48 horas máis tarde do suceso, a Policía Nacional detivo na capital malagueña a un home de 30 anos e nacionalidade alemá, como presunto responsable do homicidio ocorrido en Marbella.

Tras as xestións practicadas logrouse a detención do presunto autor dos disparos, ao que ademais, imputánselle os delitos de omisión do deber de socorro e tenencia ilícita de armas. Unha segunda persoa resultou arrestada por un presunto delito de encubrimiento, un home de 28 anos e nacionalidade alemá.



As primeiras hipóteses sobre a súa morte apuntan a que o disparo puido tratarse dunha bala perdida, que saíu dun cuarto contiguo na que houbo unha discusión que acabou en tiroteo. Para esclarecer eses termos a Brigada da Policía Científica está a facer unha avaliación do escenario e das traxectorias das balas.

Non se sabe a hora exacta á que se produciu o suceso. A festa discorreu pola tarde-noite do domingo, pero a Policía Nacional non tivo coñecemento do ocorrido ata a media noite,

tempo despois de producirse a morte. Foi un aviso nocturno o que deu a pista. Por iso os axentes souberon que podía haber unha persoa morta nun chalé de Guadalmina durante unha festa ilegal.

Unha patrulla achegouse o luns ao chalé que lles habían devandito, pero no lugar non había ninguén, tan só indicios de que alí se celebrou unha festa e tirado no chan o cadáver do mozo ferrolán.

A investigación policial continúa aberta, non descartándose novas detencións.

Centro de Información á Muller

O CIM de Ortigueira atendeu 475 consultas no 2020

O Centro de Información á Muller de Ortigueira acaba de presentar a súa memoria anual correspondente ao 2020, na que reflicte a importancia da actividade que desenvolve tanto desde o punto de vista asistencial como de organización de actividades.

Durante o pasado ano, o CIM atendeu un total de 475 consultas de todo tipo, con especial importancia das referidas a atención psicolóxica, seguidas do asesoramento xurídico e as relacionadas coa violencia de xénero.

As dúas traballadoras do centro informaron tamén ás persoas que acudiron ao mesmo sobre recursos de todo tipo, xornadas, actividades e cursos e ofreceron igualmente orientación en materia de emprego e outras consultas.

Cabe destacar que no CIM de Ortigueira centralízase a atención non só á poboación deste municipio, senón que os seus servizos de asesoramento xurídico e no ámbito psicolóxico préstanse tamén aos concellos veciños de Ca-

riño, Cedeira, Cerdido e Mañón, polo que o seu radio de acción ten carácter comarcal.

En canto ás actividades organizadas o pasado ano, a memoria recolle que un 65% estiveron dirixidas a colectivos específicos -mulleres, comunidade educativa, vítimas de violencia de xénero ou pais e nais, entre outros-, mentres que o 35% restante foron abertas ao público en xeral.

Entre o amplo abano de iniciativas destacan as moitas organizadas para conmemorar o Día Internacional da Muller, o 8 de marzo, que incluíron charlas educativas, cursos, sesións de contacontos, obradoiros, exposicións e actividades festivas. Talleres para facilitar o emprego a través das TIC, obradoiros de autocoidado, foron outras propostas desenvolvidas ao longo do 2020.

O CIM presta servizo de luns a venres de 08.00 a 15.00 horas e asesoramento psicolóxico no mesmo horario. As consultas xurídicas realízanse tamén de luns a venres pero desde as 08.00 ás 14.00 horas.

Marcela

Pan Da Casa Na Túa Porta

Telf. 608 767 747

Ferrol, Narón, Meirás e Valdoviño



Escapadas



Panorámica da Serra da Faladoira dende O Alto do Caxado.

TURISMO.GAL

A Serra da Faladoira: de As Pontes a Estaca de Bares

O CAMIÑO DOS ARRIEIROIS É UNHA RUTA MILENARIA A TRAVÉS DA SERRA DA FALADOIRA QUE COMUNICA O INTERIOR DA PROVINCIA DE A CORUÑA CO MAR CANTÁBRICO DE 50 QUILÓMETROS DE PERCORRIDO

Se se quere ir dende As Pontes ata a Punta de Estaca de Bares, o traxecto por estrada será o máis habitual. Porén, existe a posibilidade de seguir unha vía de comunicación paralela ao asfalto, o Camiño dos Arrieiros, nome que recibe polos transportistas que o transitaban antigamente e que discorre pola Serra da Faladoira. Este accidente xeográfico, que forma parte da Dorsal Galega, nace en As Pontes e continúa cara a Mañón e Ortigueira durante uns 50 quilómetros.

Polas crestas da Serra da Faladoira, dispónse un camiño que foi naturalmente unha vía de unión entre As Pontes e o Cantábrico, empregado dende os tempos máis antigos.

De feito, esta senda probablemente sexa unha das máis antigas conservadas na penín-



O Forno dos Mouros, que se ubica no concello de Mañón.

CONCELLO DE MAÑÓN

■ **Diversas rutas** discorren por toda a Serra da Faladoira, accesibles en distintos puntos, polo que se poden escoller a distancia e a dificultade.

sula ibérica. A súa orixe, segundo diferentes estudos, remóntase ao período neolítico. Túmulos prehistóricos, asenta-

mentos da Idade de Ferro así como das épocas romana e medieval flanquean o camiño. Durante a ruta, poderemos ver o dolmen “Forno dos Mouros”, que data de 6.000 anos atrás.

Non é obrigatorio facer os 50 quilómetros da senda, senón que podemos acceder ao camiño en practicamente calquera punto do percorrido. De

feito, a dificultade da maioría das rutas é baixa, dado que é un camiño achairado.

Fronte a estes elementos milenarios, tamén atopamos outros máis recentes enmarcados na paisaxe. Dada a súa altitude, a zona está repleta de aeroxeradores que se intercalan con terras de cultivo abandonadas onde prolifera o eucalipto.

A destacar

752
METROS

■ É a altitude do Alto do Caxado, o punto máis elevado da Serra da Faladoira.

113
MÁMOAS

■ Son os túmulos funerarios neolíticos do camiño contabilizados na última investigación realizada pola asociación Seitura 22.

■ Este estudo tamén rexistrou castros, xacementos romanos, capelas, cruceiros e outros bens de tipo arqueolóxico, etnográfico e arquitectónico ao longo dos 50 quilómetros do camiño.

■ A riqueza da zona non é só de tipo histórico, senón tamén natural. Por iso, a protección dunha parte da serra está incluída no espazo protexido LIC/ZEC “Ortigueira Mera”.

■ A altitude da zona ofrece excelentes panorámicas sobre toda a contorna entre o Xistral e a Capelada. Dende o Alto da Faladoira, a 600 metros de altitude, os ollos alcanzan ata o Cabo Ortegal nos días despexados.

■ Coa chegada da primavera as posibilidades de neve redúcense; porén, é recomendable levar bastón, chubasqueiro, así como comida e auga. Se se queren mellorar as vistas que ofrece a serra, cómpre incluír uns prismáticos.

■ Tamén existe a posibilidade de realizar o percorrido en bicicleta de montaña. En función do concello en que iniciemos a ruta, Ortigueira, As Pontes ou Mañón, as oficinas de turismo contan con mapas das posibles rutas.

■ Se os 50 quilómetros son inabarcables nunha única xornada e facer a ruta por tramos é insuficiente, pódese optar por realizala en etapas. Aconséllase deixar un vehículo na meta e outro na saída ou contratar un taxi para volver ao punto de partida.

Carlos de Castro, profesor e historiador

Unha polémica arquitectónica

O interese por preservar o noso patrimonio trouxo consigo, como non podía ser doutra maneira, a controversia de como acometer as intervencións nos edificios. Porque un edificio, coma se fose un ser vivo, nace ou se constrúe, envellece, deteriórase e reconstrúese, chegando mesmo a desaparecer, o que sucede en moitos casos. Os románticos, co seu gusto polo pasado, propugnaron a reconstrución dos edificios tal e como foran construídos. Viollet-le Duc (1814-1879), arquitecto e historiador francés fascinado polo gótico, nun momento no que se afianza o concepto de estilo, avoga por unha “restauración de estilo” indo, se era necesario, máis aló da propia historia do edificio. O sociólogo e crítico de arte inglesa John Ruskin (1819-1900) era partidario da non intervención, é dicir, de deixar envellecer ao edificio ata a súa desaparición, aínda que ao final houbera que sostelo con antiestéticos apuntoamentos; algo así como o bastón que puidese necesitar un ancián. Por último, o italiano Camilo Boito (1836-1914) volve ao concepto de restauración, sendo necesario, entre outras cousas, o coñecemento da historia do monumento e diferenciar o restaurado do resto do edificio.

Digamos que a polémica ten lugar nun momento no que triunfa a arquitectura historicista que pretende recrear estilos do pasado (as igrexas neogóticas das comarcas do Eume e de Ferrolterra son un bo exemplo) e no que se incorporan á construción novos materiais como o ferro, o cemento ou, posteriormente, o cristal.

Esta polémica ten os seus exemplos na nosa comarca.

S. Xoán de Caaveiro

S. Juan de Caaveiro é un singular mosteiro de cóngos regulares que supera a crise bajomedieval, pero que non chega con vida á Desamortización. Cuns priores ausentes e prebendarios, a torre barroca, construída en 1750, supón o seu canto do cisne. Abandonado pouco despois, queda á deriva abocado a unha deterioración sen límites. Con todo, Pío García Espinosa, avogado asentado en Pontedeume, fascinado polo lugar, amante da caza e con recursos económicos, chega a un acordo coa ar-

quidiocese de Santiago e acomete, pouco antes de 1896, a súa reconstrución. A súa intervención supón un mal exemplo dos postulados de Viollet-le Duc. Mal exemplo porque primou a utilidade (quería convertelo nun vivenda familiar) e a economía de medios. É así como derruba as casas dos cóngos da entrada, a igrexa prioral, por entón en avanzado estado de deterioración, e re-edifica a pequena igrexa de Sta. Isabel que servira de panteón, abrindo nela unha porta neorrománica imitando o Agnus Dei da de Sta. María de Dorroña. A intervención, asesorada polo arquivista da catedral de Santiago Antonio López Ferreiro, contou coa reprobación posterior de Chamoso Lamas, primeiro comisario do servizo de defensa do patrimonio artístico e logo conseleiro provincial de patrimonio. Chamoso considerou a restauración como pastiche, falsificación e reprodución. Esta demoledora crítica supuxo que a súa declaración de monumento histórico-artístico de interese provincial atrasábase ata 1975.

O fin das vicisitudes desta declaración, paralela á campaña que avogaba pola súa restauración (na que interviñera, entre

outros organismos, o Centro de Iniciativas e Turismo “Ría de Ares”), abre un novo capítulo da historia de Caaveiro que conducirá a que a Deputación da Coruña fíxese coa propiedade en 1994, non sen un extenuante proceso de expropiación. Foi así posible deter a progresiva deterioración que viña producindo desde a morte de Pío García e chegar ao momento actual.



Portada de S. Miguel de Bremao h. 1900.

Os exemplos de S. Miguel de Bremao e Sta. María de Monfero
S. Miguel de Bremao foi tamén un pequeno mosteiro de cóen-




Portada Sta. María de Dorroña.



Portada de la iglesia de S. Xoán de Caaveiro.

gos regulares. Fundado no século XII, é abandonado a finais do século XVI. A súa igrexa románica quixo ser como a de S. Martiño de Xuvia e quedou en igrexa dunha soa nave, amplo cruceiro e tres ábsidas semicirculares. Con inscrición de 1187, totalmente abovedada, posúe unha bóveda de cruceira que seguramente foi das primeiras de Galicia. Sufriu tamén o paso



Portada actual de S. Miguel de Bremao.

do tempo: desaparecen as casas dos cóngos ao lado sur e a portada principal, reedificada en 1661, perdeu a súa linguaxe románico, para, segundo Anxo do Castelo, parecer porta dunha fortaleza. Nada máis se podía facer nun momento onde a igrexa converteuse en ermida e faltaba moito para os postulados de restauración de finais do XIX. Foi declarado de interese histórico-artístico en 1931, pero o deixamento coa que se deterioraba o edificio parecía responder os postulados de John Ruskin. Na década dos vinte do século XX, precedida dunha campaña na prensa con artigos titulados “Un monumento en perigo”, acométese unha intervención de afianzamento da fachada e elimínanse no interior os engadidos discordantes co estilo románico que a afeaban excesivamente. Un capítulo final, moi do gusto de Viollet-le Duc, é a restauración do rosetón da fachada norte e a colocación dun rose-

tón na fachada principal en lugar da saetera, onde indubidablemente existiu un, como o demostran os restos de rosetón na parte interior.

Sta. María de Monfero foi mosteiro beneditino acoutado por Alfonso VII en 1135. Cunha descomunal igrexa barroca e tres claustros, rivalizou con Sobrado no hiperdesarrollo construtivo que experimentaron os mosteiros cistercienses. Algún autor, con razón, chegou a dicir que nel nunca deixou de oírse a picaraña do canteiro. A desamortización parou en seco centos de anos de rezos e estudo. A súa deterioración só viuse freado pola consistencia da súa fábrica, pero as inclemencias do tempo, como antes a picaraña dos canteiros, seguiron realizando o seu traballo. E por fin puxéronse en marcha os postulados de Camilo Boito: o derrube de parte do á norte do claustro das procesións é resolvido por Rodríguez Losada en 1993 sen recorrer aos postulados de estilo, utilizando materiais diferenciados, entre eles, o cristal. Aínda que en realidade aplíca-

se nel todo o saber acumulado en restauración ata a actualidade. En 1879 un raio derribara a esquina esquerda da fachada, o que remedia rapidamente a xenerosidade de Rodrigo Pardo, propietario da fábrica de curtidos “A América” e devoto da Virxe da Cela. En 1970 Pon Sorolla consolida a fachada e en 2010 acométese, entre outras intervencións, a restauración da bóveda do refectorio, colocando as mesmas pedras vindas abaixo.

Nos últimos anos fálase de realizar obras faraónicas tipo hotel ou spa. Tales proxectos atentan contra o sentido común e contra a dignidade dun edificio con 800 anos de historia. Certamente, os postulados de John Ruskin eran un tanto radicais, pero consolidar o edificio, deter a súa deterioración e manter a súa contorna digna para que poida ser visitado e gozado polas xeracións vindeiras, como parte importante da nosa historia e do que somos, non o é.

Exposición permanente

O castelo de San Felipe xa acolle a mostra sobre a Batalla de Brión

O castelo de San Felipe, en Ferrol, acolle dende o 1 de abril a exposición permanente 'Defensa de Ferrol: A Batalla de Brión', concretamente rehabilitada sala Cureñas. A mostra inclúe diversos elementos gráficos e visuais para explicar e poñer en valor a través de seis bloques temáticos os acontecementos dos días 25 e 26 de agosto de 1800. O primeiro, o contexto histórico da batalla, versa sobre o momento no que se produciu o ataque dos ingleses a territorio ferrolán, tendo en conta que o contorno xeopolítico a nivel internacional entre España, Francia e Inglaterra é "fundamental" para entender as motivacións do ataque, explicou Martínez Montero.

O segundo bloque abordará os escenarios, como os montes de Brión e Doniños, o propio castelo, a situación da cidade e das súas murallas, e Arsenal, o porto e as baterías. En terceiro lugar, a exposición 'Defensa de Ferrol: a batalla de Brión' dedica outro bloque aos protagonistas do sucedido, tanto do bando británico como do español, e repasa os personaxes máis importantes da loita, como John Borlase Warren,

James Pulteney ou o Conde de Donadío.

O cuarto apartado fai un relato gráfico das armas e do número de tropas coas que contaban os dous bandos e explica as súas características máis importantes. Pola súa banda, as vestimentas e os uniformes dos exércitos constitúen un tipo de patrimonio moi chamante, polo que ocupa o quinto bloque da exposición.

O sexto e último apartado está dedicado exclusivamente á contenda, cun percorrido que comeza o día que os ingleses se aproximaron a Ferrol. O fin é amosar os aspectos máis relevantes que aconteceron no escenario físico, as manobras e as pasaxes máis importantes da batalla, para o que se habilitaron códigos QR en cada un dos paneis que facilitan a información tamén en castelán e inglés.

Posta en valor da historia

A posta en marcha da exposición 'Defensa de Ferrol: a batalla de Brión' intégrase na estratexia xa avanzada o pasado ano polas concellerías de Turismo e de Patrimonio Histórico de poñer en valor un episodio histórico "cun gran potencial para darlle proxección exterior a Ferrol tendo en conta que se



Cada un dos bloques temáticos explica unha parte deste acontecemento histórico



trata dun dos acontecementos máis relevantes da biografía da nosa cidade", apuntou a segunda tenente de alcalde. O fin é poñer a dispor dos visitantes unha mostra que logre transmitir a importancia do episodio histórico a través dunha exposición entretida, atractiva e de calidade que logre xerar curiosidade.

A exposición pode visitarse de luns a domingo incluído festivos de 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas.

Hola, somos

AUXILIAR BROKER

una nueva correduría de seguros en Vilar do Colo.

Queremos ayudarte a gestionar tus seguros con
tres compromisos muy sencillos:

1. Vamos a darte la mayor cobertura al mejor precio.
2. Te entregaremos como mínimo tres propuestas.
3. Revisaremos tu póliza cada año en busca de mejores ofertas

Somos la mejor compañía entre tú y tu aseguradora.

📞 Llámanos 619 37 41 40 / gcorrea@auxiliarbroker.com

📍 Polígono Vilar do Colo Rúa Cornecha / Parcela 4 / Oficina 5